


O Divino Sainete

*(Adaptación teatral da obra
homónima de Curros Enríquez)*



MARICA CAMPO



BIBLIOTECA-
ARQUIVO
TEATRAL
FRANCISCO
PILLADO
MAYOR

DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

O Divino Sainete

*(Adaptación teatral da obra
homónima de Curros Enríquez)*



MARICA CAMPO

Introdución de
Francisco Rodríguez

Deseño da Capa:
MIGUEL ANXO VARELA

Ilustración da Capa:
Retrato de Curros, por Felipe Criado, 1982. Tinta
da China sobre papel

Edita:
BIBLIOTECA-ARQUIVO TEATRAL
«FRANCISCO PILLADO MAYOR»

<https://www.udc.es/es/publicacions/>

© Da presente edición:
DEPARTAMENTO DE GALEGO-
PORTUGUÉS, FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

© MARICA CAMPO

DOI:

<https://doi.org/10.17979/spudc.9788497492775>

VERSIÓN IMPRESA

I.S.B.N.
978-84-9749-277-5

Depósito Legal:
C 682-2008

Impresión:
LUGAMI Artes Gráficas (Betanzos)

Maquetación:
ANTONIO SOUTO

Distribución:
<https://www.udc.gal/publicacions/distribucion>



Esta obra publícase baixo unha licenza Creative Commons
Atribución-CompartirIgual 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)



DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

Universidade da Coruña • Facultade de Filoloxía • Campus da Zapateira • 15071 A Coruña

Consello Científico:

X. CARLOS CARRETE DÍAZ, PERFECTO CUADRADO,
MANUEL FERREIRO, MANUEL LOURENZO PÉREZ,
CARLOS PAULO MARTÍNEZ PEREIRO, JOSÉ OLIVEIRA BARATA,
FRANCISCO PILLADO MAYOR, FRANCISCO SALINAS PORTUGAL,
ARNALDO SARAIVA, LUCIANA STEGAGNO PICCHIO,
LAURA TATO FONTAÍÑA

MARICA CAMPO

O DIVINO SAINETE

(ADAPTACIÓN TEATRAL DA OBRA
HOMÓNIMA DE CURROS ENRÍQUEZ)

Introdución de
FRANCISCO RODRÍGUEZ

MMVIII

INTRODUCCIÓN

O Divino Sainete, de onte a hoxe

Francisco Rodríguez



Cita: Rodríguez, Francisco (2008). "Introdución. *O Divino Sainete*, de onte a hoxe", en Marica Campo, *O Divino Sainete (Adaptación teatral da obra hómónima de Curros Enríquez)*, A Coruña, Universidade da Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Mayor", pp. 7-22.

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ
(Celanova, 1851-La Habana, 1908)



A FUNCIÓN DE *O DIVINO SAINETE*

Certamente, ODS (1888) foi un poema pouco valorado, tanto en vida de Curros como posteriormente. Porén, é hora xa de que recoñezamos a súa radical valentía, quer na orde do pensamento que, implícita ou explicitamente, contén, quer na expresión e na estrutura poética que o transmite. O poema representa un fito na traxectoria poética de Curros por moitos motivos. É o seu segundo e último libro publicado en lingua galega. Ten a extensión propia dunha epopeia ou odisea. Mestura imaxinativamente realidade e fantasmagoría, o mundo dos vivos e o mundo dos mortos. Móvese nunha fráxil fronteira que pasa do realmente vivido ao onírico ou fantasmagórico. Vincula de xeito íntimo a problemática e dialéctica concreta da cultura e da sociedade galega coa representación dun mundo hierarquicamente opresivo e hostil, especialmente o da Igrexa Católica. Aboia sempre unha forte autonomía e rebeldía moral e ideolóxica do autor, un dos principais protagonistas do poema. Parodia ese mundo opresivo e hostil, o da Igrexa Católica, como institución, e á súa cabeza, o Papa... Todo isto, e máis, entreverado nunha estrutura que xoga coa simboloxía do número tres e do seu múltiplo, o nove, tan transcendentales na cosmovisión bíblico-cristiá. Está composto de oito cantos máis a introdución, en total nove, e vai desenvolvéndose discursivamente a través de tríadas. A especial querencia da masonaría, a que Curros pertencía, ten moito a ver con este uso de valor cabalístico do número tres. Resulta difícil achar un poema tan acedamente anticatólico á vez que tan aceriadamente cristián.

ODS é o cumio da cavilación crítica e do desacougo anticlerical e antipapista de Curros, recorrendo a unha criativa mestura de inspiración na literatura culta europea (*Divina Comedia* de Dante) cunha tradición teatral popular española de intencionalidade satírica: o sainete. O resultado foi unha obra orixinal, un produto xenuíno, que conforma unha visión galega do mundo, porque os elementos simbólicos da nosa cultura tamén están determinantemente presentes (a Santa Compañía ou Estadea, o esforzo por contarmos cunha literatura nacional, tarefa na que se insire ODS, o protagonismo e confrontación directa dos dous poetas galegos co Vaticano...) á hora de artellar a mensaxe, cos elementos en conflito. Cómpre sinalar que, para alén das limitacións ideolóxico-políticas, no terreo da práctica, dos nosos clásicos, tiñan un afán, disposición e impulso nacionais no eido cultural-literario. Abondosas pasaxes de ODS susténtanse na defensa do renacemento cultural de Galiza e na perspectiva evolutiva de que a loita pola liberdade acabe por asemellar Galiza á Italia fundamentada na teoría republicana de Mazzini. Todo o que ten que ver coa españolidade é expresión negativa e hostil co mundo galego: a Pardo Bazán, a Igrexa Católica, o papel alienante dos touros (o popular toureiro Mazzantini), a manipulación histórica ...

Falamos de fito porque ODS representa, tamén, un momento de reflexión sobre o pasado, o presente e o futuro das forzas confrontadas ideoloxicamente na Europa, desde o epicentro na Galiza. É tamén unha cavilación de Curros sobre si mesmo e o movemento prenacionalista, progresivamente máis consciente de que a súa pureza ideolóxica e de principios resultaba conflictiva perante o progresivo asentamento dunha democracia limitada, bipartita, confesional católica e centralizadora. O escepticismo, que non a renuncia, comezaba a facer pegada no Curros combatente. A recepción pública de ODS foi proba evidente de que o novo réxime da Restauración estaba tendo éxito na acomodación das consciencias, e moi particularmente na re-catolización das clases burguesas e pequeno burguesas, intimidando e reducindo a súa capacidade de libre pensamento.

O CONTEXTO

A obra en galego de Curros actúa socialmente na atmosfera da recién reinstaurada monarquía borbónica, após o sexenio revolucionario no que se tiña formado ideoloxicamente o noso poeta (1868-1874). En 1880 aínda cabía a esperanza de que a restauración fose pasaxeira. Desde 1885, coa morte de Alfonso XII, e o fracaso de todos os intentos de resucitar a República, foise abrindo paso unha adaptación ao novo réxime que non fixo máis que illar e marxinar a un home como Curros ancorado en principios e valores incompatíbeis coa España neo-católica e monárquica. *Aires da Miña Terra* (1880) provocou a reacción persecutoria do bispo, á vez que senador, de Ourense, Cesáreo Rodrigo, capaz non só de desacreditar o “herexe” desde o púlpito das igrexas, senón tamén de intimidar o gobernador civil e provocar a actuación do fiscal, co fin de procesar o autor, nada menos que “por escarnecer publicamente algún dos dogmas ou cerimoniais de calquera relixión que tivese prosélitos en España”. Así reza o parágrafo 3 do artigo 240 do Código Penal, que lle foi aplicado e polo que foi condenado en primeira instancia, no 4 de Agosto de 1880. Nada valeu que o libro tivese conseguido o *placet* gubernativo nen que o propio fiscal retirase a acusación no xuízo. Ao cabo, o proceso en marcha chegou até a penalización por mor da conivencia entre o bispo e o xuíz, Manuel Mella. Como se ve, a liberdade de expresión e de pensamento, se afectaba negativamente á Igrexa Católica, era debidamente castigada. Neste caso, cunha pena de dous anos, catro meses e un día de prisión correccional e 250 pesetas de multa. Era a pena mínima para castigar o suposto delito, atenuación que xustificou o xuíz por falla de intención manifesta. Como ten sinalado Benito Montero Prego (*O proceso penal a Manuel Curros Enríquez*, 2001), non hai sentenzas por escarnio a outras relixións, embora son numerosas as relativas ao catolicismo. O propio Estado consideraba o dogma católico a única verdade, por ser relixión oficial, por terse constituído en autoridade moral e social e por ser a do Estado español por antonomasia na historia. Esta argumentación aínda hoxe roughtona, non só na forma de se conducir a Igrexa Católica respecto da moral públi-

ca e da vida política, senón tamén en moitos sectores da Administración, particularmente da xustiza e da defensa, por non falarmos de todo o que subxace no sistema educativo. Realmente a “aconfesionalidade” do Estado Español non deixa de recoñecer e impulsar un papel relevante da confesión católica.

O bispo detectara “mofa” do Ser Supremo e do Sumo Pontífice no poema “Mirando ao chau”. Esta irreverencia debía ser castigada polo poder civil. A Constitución de 1869 e a republicanofederal de 1873 consagraran a liberdade de cultos, a liberdade de ensino, a eliminación do ensino relixioso, como tamén establecían o sufraxio universal masculino e a fin da escravitude. A de 1876 volveu á confesionalidade con tolerancia de cultos, na liña de enfatizar o “respecto debido á moral cristiá”. Na práctica non existía tal liberdade de cultos. A condena de Curros foi tan sintomática como contraproducente á altura de 1880. Funcionou a solidariedade popular e impulsou o éxito do libro que se viu promovido a *best seller* da literatura galega precisamente polo escándalo que o proceso provocou. Consecuentemente, a Audiencia da Coruña (11 de Marzo de 1881) revogou a sentenza do xuíz de primeira instancia, obrigando á devolución dos exemplares secuestrados e da fianza ao procesado. O pobo non entendeu a condena do home que se lles aparecía “como gran defensor da liberdade”, segundo palabras do advogado Luciano Puga, alén das evidentes ilegalidades procesuais cometidas en primeira instancia.

É interesante ter presente, a efectos de entender ODS, como na defensa en primeira instancia, Paz Nóvoa alude aos versículos 5, 6 e 7, capítulo sexto, do Xénese como inspiración de “Mirando ao chau”. É coincidente o poema co contido dos versículos no feito de Deus arrepiarse da súa propia creación. Igualmente recórrese á *Divina Comedia*, na que Dante, que non era anti-católico, situara no inferno algúns pontífices, mesmo á espera do seu coetáneo Bonifacio VIII. Nesta liña argumental chégase, en boca de Luciano Puga, a xustificar a posición de Curros respecto do papado e a xestación do poema, lembrando “con la más profunda pena aquella

proposición en que se declaraba al catolicismo incompatible con el progreso, el liberalismo y la civilización moderna”. Referíase á proposición 80 do “Syllabus”.

OS ANTECEDENTES

Un século máis tarde da Revolución Francesa (1789) a Igrexa Católica seguía sen aceptar os principios de fundamentación cristiá que a sustentaran: liberdade, igualdade e fraternidade. En verdade o máis asañado ataque ao papado no libro *Aires da Miña Terra* está en “Pelegrinos, a Roma!”, non en “Mirando ao chau”. O Papa é alí a besta apocalíptica que agoniza fronte ao incendio da razón que medra. A caída do papado, un falso Cristo, é o lóxico corolario da ira de Deus. Un Deus que está na base de toda a racionalidade, un Deus que fundamenta as tres relixións monoteístas. No caso do cristianismo, a relixión católica está perturbada por un falso profeta e a desviación da mensaxe evanxélica. Nesta concepción, claro é que Curros resulta un espírito eminentemente relixioso, evanxélico, crítico coa confusión da Igrexa co Estado, o absolutismo, o escurantismo e o anti-progreso. Eis a razón de que Curros exprese fronte a igrexa e o papado un ton progresivamente máis irado e apocalíptico por tanta corrupción e desviación da mensaxe orixinaria. En certa maneira, é o mesmo espírito que guiaba a Dante ao situar na esfera do inferno da súa *Comedia* alegórica-simbólica aos papas. Estamos en disposición de afirmar, por tanto, que os antecedentes de ODS dentro da propia obra poética currosián están en “Mirando ao chau” e en “Pelegrinos, a Roma!”, os dous poemas que máis irritaron ao bispo, porque a molestia provocada por “A Igrexa fría” debeu ser menor tendo en conta que só se trataba de denunciar un privilexio feudal (o vello dereito de asilo eclesiástico, en canto protección de delinquentes en contextos de legalidade democrática). Non obstante, sería un erro ver ODS como un axuste de contas á altura de 1888 con aqueles que tanto o fixeran sufrir e tanto intentaran denigralo coa súa persecución en 1880. Máis ben é a consu-

mación dunha liña argumental, ou, se se quixer, dunha avaliación ou conclusión que aproveita experiencias moi concretas dun home, á vez escritor xa afamado da literatura galega, que el quería contribuír a consolidar, agora cun poema de fondo transcendente, malia a súa fasquía satírica. É unha aposta por tratar unha temática conflitiva e problemática, que atinxe en boa maneira á humanidade cristiá, desde unha perspectiva galega. O ton predominante é a burla, a ironía, o escepticismo, que en parte proporcionan os anos pasados desde 1880. É un Curros con máis consciencia da nación galega, das súas eivas e limitacións, con máis sentido do que representa a liña reivindicativa por sermos nós mesmos. Cun espírito máis temperado que prefire a burla e a ironía á ira. O título do poema indica que é unha parodia, de inspiración formal nunha obra maior da literatura canónica europea e no espírito popular e coloquial dun xénero teatral menor.

A INTENCIÓN

Destá vez non houbo persecución, só silencio ou algunhas reprobacións críticas e poucos parabéns de correligionarios. Tampouco foi un éxito de público. Os tempos xa non estaban para entusiasmos, no clima de derrota e depresión cultural que se vai espallando na Galiza coincidindo coa morte de Rosalía no 1885. A españolización progresiva lubrificase co proceso globalizador que se produce na transición finisecular (a *Belle Époque*) a nivel mundial. As contradicións inter-imperialistas e os pobos vítimas, un deles o galego, aparecen mesmo aludidas nas propias palabras do pontífice que intenta lexitimarse pondo a Igrexa como único remanso de paz no mundo. Precisamente, no canto oitavo, o dúo Curros e Añón é completado co Papa León XIII, formando así a tríada protagonista, na escena máis realista do punto de vista empírico e a máis dialéctica na confrontación de dúas concepcións e mentalidades en oposición e conflito: a de Curros (liberdade, democracia, progreso, Galiza, cristianismo evanxélico,..) e a do Papa (tiranía, escurantis-



Monumento a Curros Enríquez na Coruña (Asorey). Fotografía de Xes Cibrao López.

mo, catolicismo confundido co Estado, teocracia, riqueza...). Mais xa non é León XIII a besta apocalíptica que aparece en “Pelegrinos, a Roma!”. É un personaxe máis dúctil, atinxido polas palabras de Curros, sensíbel perante as súas proclamas e reivindicacións. Chega mesmo a, entre saloucos, facer unha profesión de fe nun cambio necesario: abandonar Roma e as súas riquezas, vivir da caridade. Non sabemos se é só ironía ou plasmación da hipocrisía sublime dun Papa incapaz de autodefenderse. O feito de que só pida a cambio unha coviña como refuxio en Santiago, é só unha reviravolta máis para colocar Galiza no centro, na conciencia do Papa reconvertido. Así chegamos a unha perspectiva galega plena, dentro da dinámica dun debate europeo. Sen dúbida, os personaxes conforman tamén unha tríada. Curros sería o Fillo; Añón, o Pai e León XIII, a negación real e a posibilidade virtual dun Espírito Santo. A esperanza confírmase no poema. Pero é unha esperanza só imaxinaria, fantástica, dentro da viaxe onírica do poeta. Añón encárgase de manifestar a súa incredulidade clara respecto da transformación do Papa. Curros resulta máis paradoxal, pero non menos dubidoso de que comprobou experimentalmente moitas das críticas que sustentan o seu pensamento.

A peregrinaxe iniciada para sandar un incrédulo acaba por lograr precisamente o contrario: reafirmalo nas súas crenzas. Pero na fantasía literaria ten ademais un efecto antitético, o de amolecer e conquistar o tirano dogmático. Porén, a soidade inicial do poeta, doente de espírito, reproducése tamén ao final, cando sae do mundo onírico e fantasmagórico. É un mundo onírico e fantasmagórico que se tece con moitos elementos simbólicos do catolicismo, non só cos valores do simbolismo bíblico-cristián. Os sete vagóns do comboio que vai percorrendo progresivamente Curros, do canto dous ao sexto, amosan os protagonistas dos sete pecados capitais. Os peregrinos son “turba crente”, produto da moral católica e soporte do papado. A turba crente (abades, monxes, beatas, avarentos, soberbos, ...) é o contrario da estadea ou Santa Compañía que preside Añón, mestre-capitán, nesta viaxe, representativo da xente que precisamente non canoniza a igrexa, a santa tradición galega (Viriato,

Prisciliano, María Pita, Macías, Feixoo, Vesteiro Torres,...). Eles están só aludidos pero non mostrados nun poema que quer ser a exposición da hipócrita corrupción da moral católica. Os mostrados son os preguiceiros, personalizados no xuíz Mella, que o condenara en primeira instancia, o Bispo Cesáreo Rodrigo, que provocara a persecución, dentro do vagón primeiro do inferno. Son os envexosos do vagón segundo, simbolizados no diálogo dun home coa Pardo Bazán* onde esta exterioriza a zunia contra o renacemento cultural e literario de Galiza e odio despiadado contra Rosalía. Son os frades cebados e noxentos do terceiro vagón, onde a gula chega á antropofaxia, á exasperación caníbal contra os galegos esforzados como Murguía, Oxea, Vicetto, Lamas, Pondal, Rosalía, e mesmo o propio Curros que chega a auto-contemplarse roído por un frade, nese desdobraemento que posibilitan as visión oníricas. Están os da ira sanguíñenta, do vagón cuarto, significados especialmente polo activismo sedicioso e militarista dos carlistas. Cecais sexa a luxuria a representada dunha forma máis convencional e prexuízosa no vagón quinto. Dentro da visión sexual decimonónica, está presente o peri-

* Emilia Pardo Bazán emprende viaxe desde Madrid, en tren, no 18 de decembro de 1887, co fin de asistir, en Roma, á celebración do xubileo do Papa León XIII. A viaxe ou romaría vai aparecer, en datas sucesivas, como crónica, no xornal *El Imparcial*, dirixido por Ortega Munilla (o pai de Ortega y Gasset), tamén asistente a esta romaría. Como libro, Pardo Bazán publicao o mesmo ano 1888, acompañado dun esclarecedor Epílogo, subdividido en dúas partes: "I. Don Carlos", en que refire a emocionante visita, en Venecia, ao xefe carlista, e "II. Confesión política", en que se autodefine ideolóxica-politicamente e defende o entendemento entre a "Vieja España" e a "Nueva España", sen ocultar a súa vella querenca polo carlismo e o Antigo Réxime. Este texto, *Mi romería*, é de lectura impresionantísima para comprendermos na súa xusta medida *O divino sainete*. Con efecto, a obra de Curros vén ser unha contundente resposta ao inflamado espírito dogmático-católico da autora e mais ao seu ferreño españolismo. Ela viaxa coa esperanza de ver axiña "a ese Ser misterioso poético e augusto entre todos los de la tierra [...] Ser que tiene del anciano el blanco pelo, la sagacidad reflexiva, la larga experiencia que hace de la vejez símbolo de la historia; de la virgen, la castidad y pureza colombineas; del niño, la debilidad sacrosanta y la palabra intuitiva, profética e infalible. Para ese Ser, desde hace largos meses, hermosas y aristocráticas manos recaman sobre raso, muselina y terciopelo, con oro, aljófares y sedas, ornatos dignos del suntuoso Oriente; incrustan y cincelan los orifices el cáliz cuajado de brillantes que han de elevar sus puras manos en el sacrificio incruento [...]". Véxase o retrato que del fará o escritor galego na súa obra. Na persoa do Papa, Pardo Bazán ve representada, en fin, "a toda la Iglesia militante y triunfante". En Don Carlos residencia "tal vez el remedio y la salvación de España". "La Nueva España sabe ya por experiencia que ciertos principios esenciales de la Vieja no puede combatirlos impunemente; sobre todo, el catolicismo como religión nacional y la forma monárquica". En resumo, Curros comete a *ousadía* de dialogar criticamente con semellante fervor reaccionario e de contestar firmemente tal entusiasmo integrista e faíno cunha obra en galego que permite, así, incrementar o *corpus* literario renacentista de forma absolutamente novidosa e rupturista e que certifica como a literatura galega –no ronsel aberto por Rosalía de Castro– é quen de defrontar os máis afoutados instrumentos ideolóxicos da Restauración, da que Pardo Bazán será unha dos seus intelectuais orgánicos máis significados.

go da sífilis e, xa que logo, o medo ao recurso da prostitución, concepto que abrangue á dupla moral de certas formas de vivir a relixión, e unha lacra que se apón especialmente aos cregos, a pederastia. Mais é no vagón sexto e no sétimo onde aparecen os dous pecados capitais que caracterizan sobranceiramente o Vaticano na representación do poema. Son a avaricia e a soberbia, do sexto e sétimo vagón respectivamente. Figuran como antesala do que vai ser a entrada nos ricos salóns do Vaticano e a caracterización e comportamento do Papa tal e como aparece no canto oitavo, antes da repentina cura de humildade final.

A ADAPTACIÓN PARA O TEATRO

A adaptación teatral que de ODS tes nas mans, lector, é obra de Marica Campo. Como boa poeta e entusiasta lectora dos clásicos, foi quen de catar e evidenciar o que xa era en si mesmo unha estrutura dialóxica, dramática, encorsetada nunha forma de poema satírico. É de agradecer que se respectase escrupulosamente o espírito e a letra da obra facendo só os mínimos retoques e eliminacións para enfiar todo o texto como un texto dramático, sen a solución de continuidade que establecía a división en cantos, e con toda a actualización en presente dialóxico que o teatro necesita. Nas acoutacións van sintetizadas as informacións descritivas e narrativas das estrofas eliminadas, concretamente as espaciais e temporais. Unha eliminación só parcial xa que a información básica continúa, se ten utilidade para a representación, e só hai unha eliminación total dalgunhas, moi pouquiñas, que non tiña funcionalidade neste aspecto ou eran equívocas. A utilidade para a representación está tamén na indicación sucinta dos espazos dramáticos que se suceden pero sen romper a grande unidade da obra, sen solución de continuidade, progresiva do punto de vista de aproximarnos cada vez máis á visión do Papa e o Vaticano, á vez que circular, xa que en certa maneira, comeza como acaba. Cun monólogo do propio Curros perante os espectadores de ser representada a obra, extenso ao principio e lacónico


ao final, diante do pano, no mundo real. No caso do poema era unha introdución inicial e a viaxe de regreso no comboio con diálogo entre Curros e Añón e conclusión do propio autor. Sen dúbida, a opción de Marica Campo é teatralmente máis eficaz. A única licenza que se permitiu a adaptadora, claramente intencionada, foi colocar en boca de Añón un anaquiño do seu poema “Á Galicia” xusto antes de subir ao tren que os conducirá a Roma con motivo do ano xubilar de León XIII. É o único momento en que se rompe mesmo a homoxeneidade estrófica das tríadas. Esta proclama de Añón sitúase entre tríadas laudatorias do coro ao vello vate polo seu valor patriótico galego. Añón, como Virxilio con Dante na *Comedia*, servirá de guía a Curros porque representa a manifestación precursora do amor pola patria galega maltratada e a reivindicación da súa dignidade.

Que ningún grupo teatral profesional galego teña encarado a encenación de ODS, nin sequer co gallo deste centenario da morte de Curros en Cuba e do traslado dos seus restos mortais á Coruña, é todo un síntoma do desnorte que vivimos no terreo cultural. Exterioriza o nulo coñecemento que hai dos clásicos e, como corolario, a escasísima consciencia das súas posibilidades para a adaptación escénica, precisamente pola orixinalidade das súas estruturas poéticas e a vixencia do seu pensamento. Neles está a posibilidade dun teatro capaz de entreter, educar, ilustrar e desacougar, mesmo facendo rir a cachón ou solermeiramente, con desfrute inmenso, como é este caso. Benzóns para o grupo de teatro amator “Achádego”, de Lugo, que se vai encargar de representar por primeira vez o texto adaptado de ODS por Marica Campo. Esperemos velo representar en toda Galiza.

A VIXENCIA

A vixencia de ODS está reforzada pola situación política estatal e internacional e pola involución da Igrexa Católica. Asistimos a unha cruzada católica fundamentalista, destinada a condenar e per-

seguir “herexes” e a condicionar a vida política das democracias con axitación, non só no púlpito, senón tamén na rúa. Máis que nunca podemos falar, como fai Curros, dunha “turba crente”. A hostilidade contra todo avance nos dereitos civís das persoas, a exclusión sen piedade nin compaixón de todos e todas as que non acaten a súa moral retrógrada e inhumana, adubían un discurso hipócrita que agacha precisamente gravísimas contradicións e mesmo unha grande corrupción moral. Por se fose pouco, a Igrexa española acaba en todos os seus anatemas coa defensa da unidade de España, supostamente en perigo pola disoluta moral que, din, propoñen e espallan os poderes públicos. Como estea do Estado imperial reclama que a súa moral sexa a oficial. Vive de costas aos dereitos das nacións e das súas linguas. No caso galego pavorosamente. Non é de estrañar que poda ser cualificada de apocalíptica unha relixión que ampara e reforza co seu irracionalismo unha orde internacional tan inxusta. Mesmo é unha Igrexa que, como nos mellores tempos das cruzadas, está disposta a entrar en confrontación coas outras relixións mono-teístas, especialmente a mahometana e a concepción islamista, aliñándose así co europeísmo máis xenófobo e cos ditados intoxicadores de USA. Non é de estrañar que ODS recobre, despois de máis dun século de ser xestado, forza denunciadora, desde unha atalaia nidamente galega e co mundo galego como principal protagonista dunha historia universal. Tampouco desmerece a súa lembranza sobre a necesidade dun cristianismo evanxélico. E recupera a cavilación sobre se é posíbel unha fe relixiosa cristiá aliada do ser humano, non para negalo senón para a súa realización no mundo, e identificada coa evolución positiva e harmoniosa dos pobos, das nacións, en particular Galiza.




CURROS ENRÍQUEZ

ante la tumba de Rosalía Castro.

24 Septiembre, 1904.

DERECHOS RESERVADOS



TARJETA POSTAL



Sr.

N-A TUMBA DE ROSALÍA

Collidas á pedir de porta en porta
 (Que eu non herdey xardíns nin hortas teño)
 ¡Sombra sin paz d' a nosa "Musa" morta!
 Aquí estas frexes á traguerche veño.
 Y-o espaxexillas sobre a pedra fría
 Que un "Resurrexit" pra crebarse agarda,
 Sinto cuase o tremor que sentiría
 O ladrón que recga e se acobarda.
 Como él, ao che deixar a miña ofrenda
 A soledade en miña axuda chamo,
 Que si' ten medo que a xustiza o prenda,
 temo eu que me marmuren os que amo.
 Tanto d' o noso tempo a xente esquivá
 As patrias grorias buría y-escarnece:
 ¡Xeneración de mánceres cativa
 Que hastra o pai qu' a enxendrará desconece.
 Que hoxe é pecado lembrar fazañas
 Porque impotentes pr' as facer nacemos
 E cezáis que gabar grorias estrañas
 Nos console d' as propias que perdemos.
 O valor, o carácter, as ideas,
 Fala, costumes... son "fendas douradas"
 ¿De qué coór serán ¡ay! as alicás
 Que nos fan ler á couces e pancadas?

• Mais dorme, Rosalía, mentras tanto
 N-as almas mingoa a fe y-á duda medra
 ¡Quén sabe si d' este recinto santo
 Non quedará mañá pedra con pedra!
 ¡Quén sabe si esta tumba, n-ese día,
 Chegará á ser, tras bélicas empresas,
 Taboleiro de yankee mercería
 Ou pesebre de bestas xaponescas!

M. CURROS ENRÍQUEZ.

31 Marzo, 1908.

NOTA INICIAL

Marica Campo

MARICA CAMPO
(Val do Mao, 1948)

Fotografia: Kantero



O divino sainete é un texto que, malia ter cento vinte anos, posúe a vixencia do momento en que foi escrito.

A incongruencia da Igrexa Católica oficial, aliñada coa dereita reaccionaria, é a mesma que no século XIX facía da causa carlista a súa causa. A inimiga do progreso de outrora segue a lanzar anatemas hoxe contra os avances da ciencia (prevención da SIDA, investigación con células embrionarias, eutanasia...) no seu sempiterno propósito de lle pór cancelas ao mar da intelixencia e vontade humanas. O teocentrismo medieval impera no seo da vella institución fronte a un antropocentrismo que sería ben máis acorde co pensamento de San Paulo: “Anatema polos meus irmáns me faría”. Anatema vén a significar “maldito de Deus”. Curros, se non foi maldito de Deus, foino da Igrexa, que parece ser que o excomungou por lle cantar as verdades. Hoxe os teólogos da liberación, verdadeiramente comprometidos cos pobres, son en moitos casos suspendidos *a divinis* e, polo tanto, apartados do seu sacerdocio. Nada parece ter mudado.

A defensa dun sistema literario galego, a segunda das cuestións basilares d’*O divino sainete*, fronte aos seus detractores, xentes do propio país que só valoran o producido en lingua allea, segue a formar parte da loita cotiá pola nosa sobrevivencia como pobo.

A adaptación desta obra a un formato teatral móvese no propósito de a chegar ao maior número posíbel de persoas e quere, asemade, ser unha homenaxe ao autor no centenario do seu pasamento. Talvez os espectadores que non o teñan feito antes acudan ao orixinal de Curros para, no lecer da lectura, tirarlle todo o celme.

Entusiasmada coa proposta que me fixo a *Asociación Socio-Pedagóxica Galega*, o meu labor consistiu en pasar a linguaxe directa o que era narración no texto. Fixen, así mesmo, unha actualización lingüística, eliminando castelanismos, vulgarismos e outras formas que, de escribila cos medios e coñecementos que temos hoxe, o autor non empregaría na súa obra. A necesidade de manter a rima obrigoume, en moitas ocasións, a certos cambios. En calquera caso, fun sempre fiel ao fondo. Nesta arela, aínda que empreguei rima consonante como o autor, nalgunha ocasión acudín á asonante e utilicei sempre as formas reducidas da preposición *para* (*pra*), así como nos seus encontros co artigo (*pró*, *prá*) coa finalidade de me desviar o menos posíbel das palabras de Curros. Coido que, se ben o orixinal se debe manter como o seu autor nolo fixo chegar, sen outras intervencións que as que faciliten a lectura, a adaptación teatral debe responder ao tempo en que foi feita. Sei que, se me trabuco, o autor desde o ceo que a Igrexa lle quixo negar, me perdoará.

O DIVINO SAINETE

(Adaptación teatral da obra
homónima de Curros Enríquez)

Marica Campo

PERSONAXES:

Curros

Francisco Añón

O Papa León XIII

Emilia Pardo Bazán

Grupos de peregrinos, frades, estadea, beatas.

Home

Pousadeiro

Clérigo

Frade I

Frade II

Frade III

Garda

Á mocidade galega

(CURROS diante do pano)

CURROS

Sinto no peito uns afogos
que parece que mo morden
sete ducias de cans dogos.

Disque remorsos violentos
dos meus pecados a miles,
das miñas culpas a centos.

Culpas de home mal cristián,
pecados de herexe, tales
que non lles val cirurxián.

Por me curar bebín augas,
pisei herbas, recei tríos,
biquei santos, vertín bágoas.

Non hai festa ou romaría
onde empanado non fose.
Nunca topei melloría!

Pra me librar deste estrago
fun ver o Cristo de Ourense,
tomei a manta en Santiago.

Quedei de noite ao resío,
coséronme os Evanxeos,
mergulláronme no río...

Prós males que me dan dor,
dinme algúns que o saben ben
que hai un curandeiro só!

O curandeiro está en Roma.
Vou ver se me dá saúde...,
vou ver se o pulso me toma.

Xa miña nai mo dicía:
“Onde has ir boi que non aras
se non á cortadoría?

Tanto saber tráete cego;
mais ou morres condenado
ou tes que volver ao rego.

Olla que o tempiño foxe,
e é ben pra mañá non gardes
o que poidas facer hoxe.

Que a morte non nos avisa
e, se ha levarnos cubertos,
que non nos colla en camisa”.

(Corre o pano. Rúa deserta)

CURROS

Tiña de ser! Deus o quixo!
El, que creou sen arrouto
todas as cousas sen lixo!

Nunca outra tal se ha de vere:
Curros camiño de Roma
entoando o Miserere!

Quen necesitado delas
non merca saúde e gloria
por unhas cantas cadelas?

Todo anda caro na vida;
a gloria é a que anda barata
como a sardiña manida.

(Vese monicreque de PARDO BAZÁN)

Certa literata fea
mercouna dando a Aristarco
un bico tras dunha cea.

(Monicreque de usureiro)

A un usureiro con sorte
custoulle... perdoar inxurias...
nas boqueadas da morte;

E é que neste tempo infame
a Crítica anda saída
e os santos morren de fame!

*(Manifestación de católicos berrando
consignas)*

CURROS

O inferno a min non me atrapa:
cómpreme unha pouca gloria
e voulla comprar ao Papa.

É unha viaxe de recreo.
Quen folga de vir comigo
de León XIII ao xubileu?

Connosco irán moitas xentes:
Abades, monxas, beatas...

*(Procesión dos idem. Poden ser persoas e
monicreques mesturados)*

Xuro a Deus que iremos quentes!

Que rosario, compañeiros,
de contas de amancebadas
con deces de putañeiros!

*(Podería levar un rosario moi grande para
visualizar o anterior)*

Mais todos van compunxidos,
todos moi apesarados,
chorosos e arrepentidos.

Milagre santo e profundo,
fillo do nobre desexo
de ver a Deus... e ver mundo!

Como xa a graza non baixa,
non hai modo de ir pró ceo
se o tren non nos fai rebaixa.

Esa rebaixa está feita.
Tolo de quen pra salvarse
a ocasión non aproveita!

Mentres o camiño dura
heivos de cantar cantares
de non vista fermosura.

*(CURROS sae da escena e escóitase a súa voz
en off)*

Tríades, na miña man
habedes ser como frechas
cargadas de solimán.

Miñas tríades valentes,
rachade os ares fungando
como fungan as serpentes!

Ladrade, mordede, ride:
onde hai virtude, bicade,
onde haxa vicio, feride.

*(A mesma rúa. Noite de Nadal. Curros
envolto nun capote.)*

CURROS

Báteme a testa co peito
de pensar nos que esta noite
non teñen lume nin leito.

*(Aproxímase un CORO. CURROS detense a
escoitar)*

Mais que pasa? Fico quedo.
De quen serán esas voces
que me arrepían de medo?

CORO

Ai do que busca a verdade
da fe co candil mortizo,
que nunca deu claridade!

Ai do que en sombras camiña!
Ai do que quer facer caldo
e non ten unto e fariña!

Ai do que as festas condena
e quer mellorar as xentes
fuxindo delas con pena!

CURROS

Quen es, coro resoante,
cal piñeiral que removen
as témporas do levante?

Ouzo ben xordos queixumes,
estalos de gallas secas,
dos corazóns acedumes.

Afagos de suaves brisas,
berros de gorxas abertas,
notas de afogadas risas.

De forte vou facer gala,
erguendo a testa soberbio
preguntarei: “Quen me fala?”.

AÑÓN

Manuel Curros, non cho digo
se antes sobre a cruz non xuras
ir, onde eu vaia, comigo.

CURROS

Xurado está, se iso fora,
que por que se xure en falso
a ninguén prenden agora.

AÑÓN

Adiante a Santa Compañía!

CURROS

(Para si)

Non semella deste tempo,
éche unha voz ben estraña!

*(Vai diante AÑÓN, e CURROS sitúase ao final.
Dous tamborileiros situados tras AÑÓN tocan
respondendo un ao outro “racataprán”)*

CURROS

Onde esta xente me leva
indo así, ás apalpadas,
polo camiño da tebra?

Volvereime tolo agora,
ou pillaríanme as bruxas...?
San Silvestre! Meigas fóra!

*(Os tambores responden co “racataprán”.
Detense o CORO e AÑÓN acena para que vaia
onda el)*

AÑÓN

Mortal que até aquí chegaches
con ánimo forte e rexo
cumprindo o que me xuraches,

se o teu coraxe non mente,
e tanto como arriscado
ti es agudo e es prudente;

ti, que buscas sen paría,
consolos prós desgrazados
e prás almas alegría;

ti, meu coitado san Bode
de escepticismo repleto,
que quere crer... e non pode;

ti, que ves nun mesmo día
nacer Deus e caer morto
de inania canto Deus cría...

e a explicarte non acertas
deses contrastes as causas,
pra ti en sombra encubertas,

disponte, que vou levarte
onde todos os misterios
han deixar de atormentarte;

e onde, da razón coa axuda,
non máis che rompan a alma
os negros dentes da dúbida.

*(AÑÓN esténdelle o brazo a CURROS mentres o
mira de esguello e lle mostra o tren que chega
facendo estrondo. Convida a subir cun aceno)*

CORO

(Fóra)

Que decote honrado sexa
o vello vate e lembrado
que os patrios eidos recrea!

AÑÓN

(Voz en off)

Ai, esperta, adorada Galicia,
dese sono en que estás debruzada;
do teu rico porvir a alborada
polo ceo enxergándose vai!

Dese chan venturoso arrincado
pola man do meu negro destino,
até mesmo soñando maxino
eses campos risoños cruzar.

CORO

Téñao Deus no seu agrado;
e pois vai por lá a Roma
que non volva aquí rapado!

Gloria a Añón, as nosas preces!
Gloria a Añón, grande entre todos!
Gloria a Añón unha e mil veces!

(Marcha o CORO co racataprán. Arrinca o tren e a Lúa sae e ri ás gargalladas. No vagón, xente topeneando e CURROS e AÑÓN sentados)

CURROS

Mestre Farruco... El é certo?
Ti aquí? Nunca Deus me dera!
Estou soñando ou esperto?

AÑÓN

Ignórasme, é verdade...?
Trátannos tan porcamente
por esa inmortalidade ...

E iso que desde que rouco
de cantar morrín de fame,
funme repoñendo un pouco.

CURROS

De fame?

AÑÓN

Si, meu querido.

CURROS

Ti, autor dos Himnos á Patria
como outros non teño lido?

AÑÓN

Foi transo un pouquiño forte;
pero, queiras que non queiras,
ti non has ter mellor morte.

*(AÑÓN sorrí tristemente e Curros fica un
anaco mudo)*

CURROS

Case non saio do espanto,
Mestre, dime, por que causa
da sorte te laias tanto?

Se tan mal che foi na vida
que un ben topaches morrendo,
querías paz máis cumprida?

AÑÓN

Oxalá se me deixase
nesa paz durmir decote,
que entón eu non me queixase!

Mais, se ao que durmido engorda
lle vas furgar nas orellas,
verás de que xenio acorda!

A min tamén me furgaron...,
quitarme a vida era pouco
e até o sono me quitaron!

CURROS

Tenme intrigado a túa coita
e, se ma contar quixeses,
folgárame.

AÑÓN

Pois escoita.

*(Toma alento, repena a barba, xura polo baixo
e segue)*

En Castela, achega a orella,
fun do hospital para a cova
levado nunha angarella.

Un amigo verdadeiro,
amparo meu moitas veces,
o bo Euxenio Monteiro,

do meu tránsito avisado
ía tras do meu cadáver
máis que eu morto e desolado.

De certo que el non soubera
da miña final batalla
a loita sinistra e fera;

se eu así llo transmitira,
cal me redimiu dos foros
da fame me redimira.

Na foxa común, ben certo,
caeu sobre o morto a terra,
sobre a terra o esquecemento.

E eu, naquel silencio manso,
gocei pola vez primeira
unha miga de descanso.

Del na inconsciente delicia
estaba, cando entre soños
oín nomearme en Galicia,

e por permisión do alto
fun dende a Corte até Ourense,
como unha lebre, dun salto.

Nunha rúa solitaria
parei: reunida en xunta
mocidade literaria,

da miña morte doída
propúñame honras, proposta
por todos ben admitida.

Por todos dixen? Pois minto,
da casa en que isto pasaba
presentouse no recinto

un home e, en berrando “Nego
o meu sufraxio a ese herexe”,
calou... Ese home era un crego.

CURROS

Celo quizais!

AÑÓN

Non, cobiza!

Negoume as preces, coidando
non lle pagasen a misa!

Xusto xuízo do Ceo
que fai dun réprobo un santo
e troca un xuíz nun reo,

ese home, que a morte ampara,
pídeme hoxe a oración mesma
que el en vida me negara.

*(AÑÓN baixa a cabeza e ponse a rezar. Despois
que remata, segue)*

Día e noite ando pregando!
Xa ves por que me eu queixaba
da falta de paz en que ando,

pois desde aquela aventura
non pododo atopar sosego
na calma da sepultura.

CURROS

A túa forza en que se emprega?

AÑÓN

Pois mira, a min elixiume
por capitán a Estadea.

E vou dela acompañado,
ensinándolle os camiños
da vida ao que anda extraviado.

CURROS

Non está en pena a túa xente?

AÑÓN

Non! Esa miña Compañía
é a dos santos de Occidente.

*(Poden aparecer os monicreques dos que vai
nomeando, os mesmos que o despediron na
estación)*

Viriato, ese patriotismo;
Prisciliano, ese bo senso;
María Pita, ese heroísmo;

Macías, o amor mal pago;
Feixoo, a ciencia perseguida;
Vesteiro, da fe o estrago:

Eses compatriotas nosos,
que en procesión me seguiron,
despedíndome chorosos,

todos eses outros santos
que non canoniza a igrexa,
sonche os verdadeiros santos.

CURROS

Santos e non van contigo
a Roma?

AÑÓN

Non lles fai falla
porque non temen castigo.

CURROS

Logo estamos rodeados... ?

AÑÓN

Dunha gavela de crentes
no tren dos Sete Pecados.

CURROS

(Para si mesmo)

Tal non ouvise esta orella!
Sinto terror, sinto espanto,
como entre os lobos a ovella!

AÑÓN

Vas pálido como a morte,
dime, amigo, que che pasa
pra te pores desa sorte?

CURROS

Mestre Añón, ser non é nada;
pero mesmamente coido
que imos ter mala xornada.

AÑÓN

Levas a muller?

CURROS

De parto
deixeina na casa.

AÑÓN

Levas
diñeiro?

CURROS

Non teño un carto.

AÑÓN

Fas conta de herdar?

CURROS

Apuros.

AÑÓN

Tes boa sona?

CURROS

Do peorcíño.

AÑÓN

Boh! Entón estamos seguros.

Soségate, home! Entre un groso
exército de romeiros
temes ladróns? Vaidoso!

Que pode haber que che proa
se nin tan sequera levas
bolsa chea ou muller moza?

CURROS

Pero esta xente é tan mala?

AÑÓN

Excelente. Vaiche boa!
Xulga pola desta sala.

CURROS

Quen son?

AÑÓN

Sonche os Preguiceiros,
que vindo tarde aos traballos
queren cobrar os primeiros;

sonche os que gustan das troitas,
e, como lles gustan, tentan
pescar coas bragas enxoitas.

Aí tes Mella, un mal letrado.

CURROS

De xuíz botoume á cadea.

AÑÓN

Pois por iso é maxistrado.

Aí tes Cesáreo Rodrigo.

CURROS

Sendo bispo excomungoume.

AÑÓN

Será Papa, meu amigo.

Xentes que na humana liza
a facer o ben chamadas
fan sempre o mal ... por preguiza.

*(AÑÓN cala, chiscalle un ollo a CURROS
e ponse en pé)*

Por un pasadizo interno
imos ao vagón segundo,
círculo dun novo inferno.

(Volve a escoitarse o son do tren)

CURROS

(A mirar pola xanela)

Chégate, Mestre, á vidreira,
olla como xa levamos
atravesada a fronteira.

Olla como de ambos lados
a vella terra das Galias
ergue os petoutos nevados.

Escoita, escoita un pique,
ouve o que berra a xente:

XENTE

Bonjour, messieurs fanatiques!

CURROS

Non che parece un exceso?
Vaia xeito de saúde!

AÑÓN

Pois éche un grande progreso,

que pasaron poucos prazos
que o tren francés recibían
en España a trabucazos.

(Entran no vagón segundo)

CURROS

Que hai neste vagón segundo?
Entremos, a ver que hai dentro.
Que cheiro nauseabundo!

(Bota a man ao peto)

Eu vou morrer asfixiado!
Onde vai o meu “moqueiro”?
Demos, téñenme roubado!

AÑÓN

Non pases da porta, ponte
en garda, e fica ben quedo:
da Envexa estás fronte a fronte.

E convén que non te colla
por diante: este monstro vive
soamente do que desolla.

*(PARDO BAZÁN e mais un home sen
identificar)*

HOME

Dígame, miña señora:
é certo que na súa terra
renace a poesía agora?

PARDO BAZÁN

Boubas que lanzan ao vento
catro soñadores tolos ...
Non lle hai tal renacemento!

HOME

Non haberá; mais non quita
pra que Castelar o afirme.

PARDO BAZÁN

Xa lle eu tirei da levita

en certa ocasión ... Ten graza
iso de chamar poetas
a esas rás da Democracia.

HOME

Non me maltrate o grande home ...
El, ao fin, nas apuradas
é o que nos dá un pouco nome!

De alguén sei que, tras de rirse
del e dos seus ideais,
cando quixo redimirse

do esquecemento, na mesa
sentouno e fíxoo falar,
de aí vale o que vale e pesa.

PARDO BAZÁN

Se iso que di vai comigo,
mente. Eu brillo con luz propia.
Morra o conto! Mente, digo!

E..., en mostra de que mente,
faga o favor de ler ese
tomo, e despois escarmente.

*(Esténdelle un tomo de La cuestión palpitante
ou La madre naturaleza)*

HOME

(Para si)

Un libro da nova escola
que cheira a Carulla a légoas
e fede que apesta a Zola.

PARDO BAZÁN

Convenceuse?

HOME

Estou ferido
polo argumento, que é forte,
mais non estou convencido.

Eu sosteño e traio probas,
que Galicia esperta; dígao
a autora de *Follas Novas*.

PARDO BAZÁN

Valente choromiqueira!
Poetas dese feitío
cómpranse a centos na feira.

Hai anos que un mala peza
quixo coroala en vida
e eu tireillo da cabeza.

HOME

Agora comprendo o gusto
con que lle rezou pola alma ...

PARDO BAZÁN

Honrar os mortos é xusto.

HOME

Ese deber todos temos;
pero aínda máis xusto acho
que aos vivos non deshonremos.

Mais á ilustre padronesa
deixando, pois mesmo coido
que de nomeala lle pesa,

diga e perdoe: eses vates
que mostran tantos alentos
para os modernos combates;

eses Novos e Labartas,
eses Lagos, esas perlas
que xorden á luz en sartas;

esa xeración tan nova
de parleiros reiseñores ... ?

PARDO BAZÁN

Cantan... como Xan da Cova!

CURROS

Non quero escoitar máis nada.
Vámonos, prégiocho, Mestre,
ou fago unha falcatruada!

Abofé que é un lugar triste,
é o cubil dunha fera
que ninguén ao par resiste.

Mesmo coa rabia miaña ...

AÑÓN

Anda, vamos ao da Gula,
vente na miña compañía.

(Mentres camiñan)

Antes de entrar, precavido,
segue o consello dun vello,
que teñas calma che pido;

porque vas ver cousas tais,
que nin nas noites de febre
tes soñado outras iguais.

A fame negra aquí mora:
vai con tento, que o seu dente
vivos e mortos devora.

CURROS

Que é o que teño aquí diante?
Endexamais vin escena
máis atroz e repugnante.

*(FRADES noxentos, obscenos, crasos, cebados, de
longas uñas e dentes. Fan rúidos de morder,
arroutan...)*

FRADE

Acompáñeme, sen gana
cómeselle isto.

CURROS

E que é iso?

FRADE

Un pouco de carne humana,

mesmo de xunto á rileira,
nunca saio sen un toro
de Murguía na alxabeira.

CURROS

Grazas, non levo apetito.

FRADE

Matámolo a paus antonte
e élle un bocado exquisito!

FRADE 2

Debe ser moi delicado,
talvez o señor prefire
mellor que carne pescado.

Se así for, por sorte, apreixe
un bocadiño sequera
de Manuel Ánxel ... Bo peixe!

Da Coruña caeu na praia;
úsanse alí unha traíñas
de onde non se ergue o que caía.

FRADE 3

(Sacando anacos de carne diversos)

Coma, que son regalía:
talladas de Oxea, Vicetto,
Lamas, Pondal, Rosalía ...

CURROS

(Para si mesmo)

Nunca vin tales horrores!
Este é o trato que merecen
os artistas e escritores!

Nunca tal vin, xuro a Cristo!
Pardiola! Non vale a pena
amar a patria para isto!

AÑÓN

Non digas iso, é delito!
Ten conta, sempre ten conta
de non alzares o grito;

que, se esta xente se enteira
de que es ti quen a censuras,
vas decontado á caldeira.

Coidabas outra caricia
obter, da que obtemos todos,
dos críticos de Galicia?

Pois, meu amante, vai vendo ...

CURROS

Mal haxa, díaño de frade,
vai os meus ósos roendo!

(CURROS sente arcadas. Detense o tren. Baixan)

Abofé que sinto noxo
de ter nacido galego!
Hai que enterralos nun foxo!

Xuro o máis cruel desquite!
Coas serpes máis pezoñentas
heilles facer un convite.

(Rompendo a chorar e cambiando o ton)

Non son por min estes axes:
Pra quen ten limpa a conciencia,
vítores son as aldraxes.

Do que eu estou descontento
é de ver o mal que tratan
xentes de tal valemto,

que inda nacendo no mouro,
no mouro foran alzados
sobre peñas de ouro.

Que estrañeza! Que castigo,
segar o toxo no suco
onde sementamos trigo,

e alí onde a xuventude
esgotou seu nobre esforzo,
ver erguerse a ingratidade!

CORO

Benia aos que, despois de feita
a sementeira, non miran
se houbo ou non houbo colleita!

(CURROS segue a chorar)

AÑÓN

Logo choras? Ti toleas,
ladrón, escoita ao teu guía:
métete en vidas alleas,

mete; verás que bo pelo
sacas, meu bravo Quixote,
en pago dese teu celo.

Deixa arar o gando, prenda;
por ninguén poñas a cara:
quen teña tenda que a atenda.

Pois de redentor o oficio,
sobre de estar en desuso,
leva sempre ao sacrificio.

Vaia, reponte, non chores;
iso de chorar é propio
das especies inferiores.

A cada tempo o que estila;
e hoxe o corazón humano
fel, que non bágoas, destila.

Ergue esa cara, refrega
eses ollos: a morriña
é doenza que se pega,

e a morriña e os teus versos
sonche a mesma cousa; dígano
certos poetiñas perversos.

*(AÑÓN tira de CURROS e lévao a un vagón
onde homes e mulleres cantan as ladaíñas en
latín)*

CURROS

Que fervor máis verdadeiro!
Entre que xentes estamos?
Sábelo ti, compañeiro?

AÑÓN

A min xa nada me admira:
Son os facciosos vencidos
que están a estoupar coa ira.

CURROS

Facciosos? Semellan crentes
segundo a atrición que mostran.

AÑÓN

Madia leva! Impotentes!

Dálles en vez de rosarios
fusís, e témelles menos
aos lobos máis sanguinarios.

Os seus rezos son disfraces;
repara ben no que din,
verás de que son capaces.

(Óvese de novo o CORO)

CURROS

Pois é verdade, este canto
non me semella ser rezo,
non hai virxe nin hai santo.

Cos ollos baixos e inmóviles
meten un xefe carlista
entre dous *ora pro nobis*.

Arre demo coa xentiña...
Calquera se arrima a ela!
Non a quero á beira miña!

Mais, se é tan ruín e danada
esa tropa, como é, amigo,
como é que vai tan calmada?

AÑÓN

A ira verdadeira, enxebre,
nunca muda a cor do rostro,
non dá berros, nin pon febre.

Vive no peito encollida
como un tigre e, cando salta,
do salto mata unha vida.

Se queres ver a onde chega
o que estes gardan na alma
e de que maneira os cega,

escoita... é un bo momento
parou o tren e aquí chega
un clamor grande e violento.

CORO

Morra Umberte! Viva o Papa!
Morra Umberte! Viva o Papa!
Morra Umberte! Viva o Papa

CURROS

(Asomándose á xanela)

Italia, que marabilla!
Que gran progreso é o tren!
A estación de Vintimiglia!

Salve, terra case ceo,
salve, ouh patria sagrada
de Dante e de Galileo!

Feitos po e en mil anacos
os teus membros, posta a túnica
esgazada en cen farrapos.

Os teus fillos perseguidos,
queiman os teus patriarcas,
todos os bens recollidos;

ceibados aos catro ventos
os ósos dos teus maiores,
afogados teus lamentos;

dos papas triste cativa,
baixo os seus pés sempre morta,
pero tamén sempre viva;

ti, nun traballo glorioso
de quince séculos. Acho
cal ningún outro espantoso;

recolliches gota a gota
todo o teu sangue vertido,
e volto en guerreiro o ilota,

dende o cárcere retaches
os verdugos e, arrombados,
liberta te levantaches.

Ti, dos cabalos de Atila,
debaixo da ferradura
que canto toca aniquila,

recolliches a coroa
a maldicir a salvaxe
civilización teutoa.

Ti, cando por toda a terra
o corno feudal soaba
chamando as nacións á guerra,

convertendo en estandarte
o vello sudario grego,
proclamaches Ciencia e Arte;

e en tanto que nun divino
resplendor inunda os ecos
o Santo Tomé de Aquino,

o verbo audaz de Xordano
penetra o misterio, oculto
sempre ao pensamento humano,

a forma en Rafael estrala,
e até a pedra, ao golpe rudo
de Miguel Ánxelo, fala!

Dende entón, ti tes dos pobos
o segredo, ti o cadeado
e a chave dos tempos novos.

Ouh, patria das patrias templo,
quen do teu mal adoeza
cúrese co teu exemplo!

AÑÓN

Hasme de ir moi caladiño,
deixa os xeitos de poeta
ou déixote no camiño.

Ser serio é cousa precisa:
non ves que cantos te miran
se esmendrellan coa risa?

Olla, nesta nosa idade
gustan os cantos de cegos,
mais non os da liberdade.

E o conto é que xa debías
saber o que traen consigo
todas estas sinfonías ...

Eu por min, que, malpocado!,
fun grande amigo dos servos,
estouche xa escarmentado.

Trinta anos de pita choca,
sempre co cloc-coto-cloc,
da liberdade na boca,

non che me valeron nada;
e en vez de pitos, quiteiche
de corvos unha bandada.

Liberdade, patria, adianto...
Boh! Déixate de tolarías,
ho, vai rezar a outro santo.

Non contes estrelas mortas,
que pode ser que contándoas
che bata a miseria ás portas.

CURROS

Ouh, Vate, tanto sarcasmo
encheume de calafríos,
e do meu nobre entusiasmo

vexo apagarse a enerxía,
cal se apaga un ferro aceso
mergullado en auga fría.

(Ponse de novo en marcha o tren)

AÑÓN

Imos murchos e abismados,
mais colleremos en marcha
o tren dos Sete Pecados!

CURROS

Se a noite pode co día
non habemos poder nós
coa nosa melancolía?

Aquí, cabo da vidreira,
aspiro o cheiro que mandan
a touza e mais a silveira.

Refachos dos altos cumes,
canto agora me gorentan
os vosos puros perfumes!

Gratos perfumes da serra,
canto hoxe me recordades
os aires da miña terra!

Nesta celaxe agrisada
que un azul profundo cobre,
nesta tarde de internada

vexo o aterecemento
do meu nativo curruncho
e voa o meu pensamento.

Mais na pobre patria miña
son máis tristes os crepúsculos,
eterna dor alí aniña;

aínda que hai grande irmandade
entre aqueles pobos todos
que buscan a liberdade,

pola vereda que avanza
cara aos seus nobres destinos,
–perdoando a comparanza–

Italia marcha dereita
e Galicia trenqueleando
como unha vella tolleita.

(Pausa)

Velliña que andas a gatas,
sen que teñas quen te axude,
cando has tirar coas caxatas,

e irada, valente, forte,
porás o pé no pescozo
dos que te feren de morte?

(Pausa)

*(Pasa a man pola fronte e atopa os dedos
lixados dun po branco e miúdo)*

De onde ven este farelo
que me ten enfarelado
desde os pés até o cabelo?

*(Reparando en AÑÓN, que leva unha pequena
peneira na man)*

Olla que fas, que me lixas,
e entrar limpo quero en Roma...

AÑÓN

Se é por iso non te aflixas:

Outros van máis emporcados
ca ti e saen que dá vicio
de limpos e de lavados.

Leva forrado o caledro
ao Vaticano, e escoo
no diñeiro de San Pedro

toda a túa honrada pobreza
e volveraste prá casa
nobre e santo, nunha peza.

Dalgún patrucio galego
sei eu que, sen ter un carto,
pra mandar tocar un cego

pillou, non sei con que trapa,
unhas cantas onzas de ouro,
foise a Roma ver o Papa,

e, a súa orixe caótica
perdendo, fíxose ao punto
fidalgo... de raza gótica.

CURROS

Non, predicar ben predicas;
mais aínda non me dixeches
por que estes pos ti me aplicas.

AÑÓN

Isto que contigo fago
hate librar, se Deus quere
e a Virxe, dun gran estrago.

CURROS

Pero é fariña ou é sénica?

AÑÓN

Non te apures, simplemente
unha precaución hixiénica.

(Camiña con dificultade, collido do brazo de CURROS cara a outro vagón. Un vagón ás escuras. Hai unha luz tapada co xornal A Fe. Escóitase rebulicio de saloucos, rezos, lamentos, ais de pena, suspiros de amor, azoutes de mans sobre carne humana)

CURROS

Como é sabia a Providencia
que me trae, á fin e ao cabo,
a un lugar de penitencia!

Non, non é o mal tan profundo.
Aínda hai arrepentimento,
aínda hai virtude no mundo!

(Senta entre a xente. AÑÓN fica na porta)

Vou repousar a cabeza
pra durmir, que teño sono
e o sono é media mantenza.

(Aínda sen acabar de pechar os ollos, unha beata dálle un bico na meixela)

CURROS

Congro! Xesús, quen se atreve...?
Non podo nin facer forzas,
estou frío como a neve!

Renego de ti, inimigo,

(Estende a man e apalpa)

Pero que é isto que apalpo?
O que apresei... non o digo.

*(Cae o xornal que cobre a luz e aparece un
montón de xente fornicando. Poden ser
monicreques)*

CURROS

Ordia! Atentade o demo!

XENTE

Vaite! Fóra o alcanforado!
Vaite! Fóra o blasfemo!

(Saíndo, fala con AÑÓN)

CURROS

Vinme –a contalo resisto–
entre os brazos dunha dona
que me tomaba por Cristo.

As beatas e os beatos
miando misticamente
como na xaneira os gatos:

estaban, volta ás alturas
a mirada compunxida
das murillesas figuras,

en grupos de xeito vario,
todos en cruz a facer
deste lugar un calvario.

Eu, que outra nunca tal vira,
admireime ás primeiras;
pero mira que te mira,

notei a forza de olladas
que eles fan de crucifixo
e elas de crucificadas,

e vendo que, á fin e ao cabo,
polas fendas que se abrían
non entraba ningún cravo,

peguei un brinco terrible,
e abrindo por aquel bosque
de Belfegor paso libre,

vin até aquí pórme a salvo
antes de que aquelas lurpias
me deixasen cego e calvo.

AÑÓN

Ven aquí, cerra esa porta.
Que che pasa? Que hai, meu rolo?

CURROS

A ti que raio che importa?

AÑÓN

Ai, Manuel, vésme enfadado?
Bo modo de agradecerme
o de terte peneirado!

CURROS

Pra que me metiches dentro?

AÑÓN

Que pra que? Logo infrinxiches,
quizais, algún mandamento?

CURROS

Eu non.

AÑÓN

Pois a min mo debes;
porque se a pecar chegaras,
inda con pecados leves,

non che valeran receitas
humanas pra te curares
de enfermidades... secretas.

(CURROS de novo na xanela)

CURROS

Até aquí chegan potentes
do Mediterráneo as ondas,
crechas e fosforescentes,

da praia, dende as areas
veñen sobre o tren que pasa
cuspir, de coraxe cheas.

Xa deixamos atrás Niza
e os seus marmóreos alcázares,
envolta en néboa sombriza,

e de Xénova o sagrado
cemiterio, onde Mazzini
dorme satisfeito e honrado.

Os reis sen o acubillar
en vida. Os Papas trouxérono
de un lugar a outro lugar;

Mais iras e teimas tantas
non privaron que hoxe o mundo
venere as súas cinsas santas.

*Laudeamus viros gloriosos
Homines magna virtute!...*
Hoxe saúdo os teus ósos.

AÑÓN

(Axeonllándose)

Apóstolo da unidade,
ante ti dobro os xeonllos:
Curros falou a verdade.

*(Poñéndose de pé de présa, como se lle pesase
terse axeonllado)*

Mais a virtude e a gloria
só son dignas de loanza
sancionadas pola Historia.

Catón para o mundo enteiro
pasou por un gran romano,
e foi un grande usureiro.

Shakespeare, o poeta ogro,
ese soñador, na granxa
de Avon daba gando ao logro.

Cervantes, que aínda hoxe pasa
por pobre, era en Madrid dono
non menos que de unha *casa*.

San Rosendo, bispo e asceta
tido por célibe, agora
resúltanos... cunha neta...

Pois se aínda os da antigüidade
enganan, que te prometes
dos homes da actualidade?

Da sombra envoltos no enredo,
o sol da crítica agardan,
e pra que luza aínda é cedo.

CURROS

Unha vida toda enteira
ao patrio ben consagrada
é de por si unha fogueira.

A Historia fará a Mazzini
xustiza, si. Ou acaso
é el menos que Mazzantini?

AÑÓN

Meu amigo, desconfía
dos xuízos contemporáneos:
teñen a paixón por guía.

(Entran no vagón)

Coñeces a este? É un avaro:
Prestoume uns cartos ao trinta.

CURROS

Se pagaches, non foi caro.

AÑÓN

E este?

CURROS

Tamén. É un libreiro:
pediume un tomo, escribinllo...
Quedouseme co diñeiro.

AÑÓN

E estoutro?

CURROS

Por unha leira
vendeu a filla a un indiano,
como unha vaca na feira.

AÑÓN

Pois ben: eses foraxidos
que a raza humana deshonran,
do mesmo inferno saídos,

mañá, polo xubileu,
moi do Papa indulxenciados
irán dereitos ao ceo.

CURROS

Será verdade?

AÑÓN

E tanto,
que máis de un que hoxe renegas
has de venerar por santo.

O forno da idolatría
católica non se apaga
e hache de chegar un día

en que rece o repertorio:
“San Brais, pederasta: tírase
unha alma do Purgatorio”.

Puidera, amigo poeta,
contarche aínda casos varios
de como a Avaricia peta,

de mulleres malcasadas
que do leito do adulterio
foron pró altar elevadas,

e de ladróns e asasinos
que con legados piadosos
mercaron triunfos divinos...

*(AÑÓN empurra a CURROS cara ao derradeiro
vagón, ategado de xoias e diñeiro. Indícalle os
foles amoreadas de onzas de ouro)*

De xeonllos ante o lixo
fíncate e adora o santo
que máis marabillas fixo!

Diante el abátese a serra,
inclínanse reverentes
as potestades da terra,

e en celestes harmonías
fanlle dende o Empíreo salvas
os coros e as xerarquías.

*(CURROS tira o chapeu con intención de bicar,
pero apúntanlle dúas parellas de Gardas
Civís.)*

GARDA

Rabias a un paso que deas,
xúroche que non che deixo
pinga de sangue nas veas!

(*CURROS recúa*)

AÑÓN

Fai o que che di o teu guía:
pra que isto non che aconteza
non biques, furta outro día.

O ladrón sempre che escapa
con ben: todo ese tesouro
que vai de regalo ao Papa

éche o froito da Protervia
que, da bolsa da Humildade,
pasa ao ventre da Soberbia.

(*Detense o tren. Baixan. Os viaxeiros marchan
cantando cancións pías*)

AÑÓN

Amigo, danme tremores
de pensar que han ir ao ceo
tal fato de pecadores.

CURROS

Mestre, se non perdoados,
teña Deus misericordia
dos pobres homes honrados!

(*Rúa de Roma. AÑÓN e CURROS, cansos,
sentan no chan e beben un grollo de viño*)

AÑÓN

Traballo custa, por certo,
dar con pensión esta noite
pra durmirmos a cuberto.

É que a lexión penitente
quéreche gañar a gloria
todo o máis comodamente.

CURROS

Colléronnos a dianteira
e non quedou pra un remedio
pousada... nin pousadeira.

(AÑÓN, petando nunha pousada)

AÑÓN

Deo gratias! Ave María!

POUSADEIRO

*Battete in altra porta,
Capite! Andate vía!*

CURROS

Seica non hai hospedaxe
hoxe, Mestre. Non será
por non traermos equipaxe?

AÑÓN

Seica non!

CURROS

Outra como ela!

AÑÓN

Roma non quer peregrinos
sen alforxa e carabela.

Se en vez de brazo baldeiro
trouxeramos pendurado
un cabaz cheo de diñeiro,

outro galo nos cantara...
Que muro un canón non deita
se bala de ouro dispara?

Hache servir de goberno:
Pra irmos ao ceo hoxe en día
cómpre permiso do inferno.

CURROS

Se sei que non collo casa,
non veño.

AÑÓN

A Igrexa é a lagosta,
alí , onde cae, todo o arrasa.

*(Seguen camiñando e petan noutra porta.
Ábrenlles e entran. Efectos para ver que
pasa a noite. CURROS e AÑÓN saen da
mesma pousada)*

CURROS

Non puiden durmir: sufrín
tanto por toda a viaxe,
tan cativas cousas vin

que mil impresións estrañas
me tiveron toda a noite
pensando nas musarañas.

POUSADEIRO

(Saíndo detrás)

Dez liras!

AÑÓN

Non hai diñeiro,
pero agarde un anaquiño,
noso señor Pousadeiro.

(Escribe estrofas até completar a suma)

Aí tes, e non termina,
xa que ti aquí nos trataches
como reis, toma a propina.

*(Dálle a lira que trae pendurada ao lombo.
O POUSEIRO fica apampado diante de tanta
ousadía, mais non fai nada para os deter)*

CURROS

Que escribiches? Foi doado...,
semella que lle gustou,
quizais un himno ao papado?

*(Chegan ao Vaticano. Soan campás. Ringleiras
de xente)*

CURROS

Velaí cantas ringleiras:
xorden por todas as rúas
os romeiros... e as rameiras.

Xa estamos no Vaticano;
imos asistir á misa
do pontífice romano,

que o santo ritual ordena
que quen queira ser absolto
é preciso que aquí estea.

Mestre, da fe pró desmedro
xa estamos baixo das bóvedas
da catedral de San Pedro.

Repara que grande río
de ouro, de perlas, de rasos...
Canta luz! Canto xentío!

AÑÓN

(Chuscando un ollo)

Pásmate tanta grandeza?
Como ha de ser! Disimula
e vai baixando a cabeza.

(Óuve-se un murmurio de asombro e segue un silencio grave. O PAPA sobe ao estrado. As xentes axeónllanse, baixan as cabezas e erguen as nádegas)

AÑÓN

É nesa cristiá actitude
en que os biólogos fundan
a cuadrúmana... virtude

do ser humano, que o rabo
e a garra deixou na selva
pra devir en home ao cabo.

Cando a se poñer se presta
debruzado, mostra o crente
que, antes de selo, foi besta.

Non botes en saco roto
esta advertencia, meu fillo,
pois sei de máis dun devoto

pra quen toda a ciencia engana
que sempre que ora confirma
a teoría darwiniana.

(O PAPA alza a hostia. Pode ter unha cara branca e a outra dunha moeda de ouro. Escóitase un CORO)

CURROS

Xamais harmonía tanta
escoitei. Anxos non son,
mais dime, Mestre, quen canta?

AÑÓN

Quen ha de ser! Malpocados!
Quitoulles a igrexa o xénero.
Non tén nome: son... castrados.

Na loita da santidade
aquí a muller perde a honra,
e o home... a virilidade.

(Escóitase o himno Tu es Petrus)

CURROS

(Ao PAPA)

Non e non! Fervo coa ira!
Todos teñen que sabelo:
o que che din é mentira!

Quen do vilipendio humano
vive non é Pedro: é Xudas;
non é Cristo: é Diocleciano!

*(Ninguén o entende, entre o barullo. O PAPA
mira para CURROS. Remata a misa e León
XIII sobe á cadeira xestatoria. Ao pasar ao
lado de CURROS, dirixese a el)*

PAPA

Hoxe has estar ao meu lado.
Escoita: Agárdote ás doce,
imos comer un bocado.

CURROS

Case que morro co asombro!
A ver, meu vello, que fago?

(AÑÓN encolle os ombros)

E non me encollas o ombro.

AÑÓN

Que has facer? Acude á cita.

CURROS

Eu non vou só.

AÑÓN

Acompáñote.

CURROS

Preparemos a visita.

Mentres non nos chega a hora
de ir xantar co santo Padre,
botemos do templo fóra.

E pra poder aprecialos,
imos ver as galerías
da exposición dos regalos.

*(Vitrinas con grande cantidade de obxectos
preciosos)*

En séculos dezanove
canto lle ten rapinado
esta institución ao pobre;

canto se ten apropiado
a garra dos cardeais
e o ventre do episcopado.

Aí está, en montóns xigantes
de oriental magnificencia
—dende as perlas e os diamantes

até a prata e ouro fino—
enormes bostas guindadas
do católico intestino.

Aquí a pompa e a beleza
que encerra o mundo da arte
ou que pare a natureza

tráenme á mente a cantos fozan
na terra, aos que non comen,
aos que nunca rin nin gozan;

ao labrego que traballa
pra manter muller e fillos
e dorme en monllos de palla;

ao pobre vello baldado,
sen agarimo no inverno,
de porta en porta arrastrado;

ao neno que emporranchiño,
orfo, perdido na fraga,
garda o gando dun veciño;

do frío lar, que dá medo;
de hórreos sen grao, das vacas
sen leite, do arado quedo...

Sinto un amargor sen nome
de ver cantos neste mundo
súan pra que folgue un home.

AÑÓN

Se antes non te escoitara
diría que tes envexa,
meu amiguiño, repara:

Este cáliz esmaltado
desapareceu da igrexa
de Ousende o ano pasado.

Esta custodia esculpida
foi da ermida de Seixalvo,
noites atrás subtraída.

Canto tes diante dos ollos
débese da fe á ganzúa,
que non respecta ferrollos.

E queres con tal grandeza
facer a sorte dos pobres?
Pídeslles boa limpeza!

CURROS

Contra todo espolio feito
aos pobos cabe interdito...

AÑÓN

Que entendes ti de Dereito?

Os bens non inventariados
son do primeiro que os pilla,
adquiridos ou roubados.

E se o que os furta acontece
ser xente de sancristía,
o ladrón nunca aparece.

Maldade ou desacato,
o que queiras, mais é forza
respectar o Concordato.

CLÉRIGO

Veñan, imos camiñando,
teñen unha grande honra:
León XIII está agardando.

*(O CLÉRIGO corre un pano de veludo granate.
Aparece o PAPA sentado á mesa)*

LEÓN XIII

Sentade tamén á mesa.

(Persígnase e reza)

Laus Deo, Ave María,
que o xantar bendito sexa.

(Mentres bebe nunha copa chea de viño)

Sei quen es, se o non soubera
o que berraches na misa
claramente mo dixera.

Ti vés, cantor galiciano,
dunha raza que odiou sempre
o predomínio romano.

Alá, do monte Medulio
nas ladeiras, aínda os ósos
relocen ao sol de xullo,

dos teus avós que, alzando
contra o Imperio a fouce céltica,
un a un foron finando.

Pero dos conquistadores
pasados, dos mortos déspotas,
Césares e Emperadores,

o Papa non é o herdeiro:
sono os reis que hoxe gobernan,
castigo do mundo enteiro.

Ai! Olla: por toda a Terra
érguese un bafo de morte
que os espíritos aterra.

Nacións de todas as trazas,
homes de todos os climas,
xentes de todas as razas

míranse con ollo irado,
búscanse uns aos outros e alzan
no aire o puño pechado.

O fillo do Norte, frío,
disputa ao do Oriente, inqueda,
da fronteira o señorío;

reclama o galo ao xermano
as terras que lle detén;
do inglés recea o italiano;

rifa América coa Europa;
os arsenais funden ferro;
os cuarteis dispoñen tropa;

rola polo espazo un vento
de estrago e mais de exterminio
que escurece o firmamento ...

Treme o chan, vacila a rocha;
rompe en cada peito un odio
e unha aldraxe en cada boca!

Botemos outro traguño.

(Bebe outro trago, suspira e exclama)

Ai, ceo santo, que tempos!

AÑÓN

Ai, Santidade, que viño!

LEÓN XIII

No medio de loita tanta
só queda paz nesta Terra
no seo da Igrexa santa.

E chamádesme tirano
a min, triste prisioneiro
no cárcere vaticano?

CURROS

Perdoe a súa mercé,
ou Santidade, eu coido
que mentres a Santa Sé

os bens deste tempo ame
e insulte coa súa riqueza
os que perecen de fame;

mentres o Papa, que o trono
das almas herdou soamente,
queira ser do mundo dono,

e a pel do pascual carneiro
trocando en coiraza, trate
de converterse en guerreiro,

a obra papal será impía:
non de paz, de turbulencia;
non de orde, de tiranía.

De Cristo a mística esposa
fixo nefando adulterio
e a súa falta vergonzosa

non terá perdón divino
senón cando a Cristo torne
dos brazos de Constantino.

*(AÑÓN dálle co cóbado e asente coa cabeza
animándoo a proseguir, mais atállao o PAPA)*

LEÓN XIII

Ah! Como ao teu beizo asoma
o afán do mundo! Ti pides
que o Papa abandone Roma...

E ben! Agradarche quero:
deixarei Roma aos romanos;
quedarei en coiros...; pero

cando dos bens me despoxe
que a tradición me legara,
e que gardei até hoxe,

terá a Igrexa quen lle acuda?

CURROS

Vinte anos predicando
caridade pra esta dúbida!

Señor! O mundo moderno
non é, como o mundo antigo,
a imaxe viva do inferno.

Os pobos están chamados
a rexelo: cando triunfen,
cando do chan levantados

o himno canten da Vitoria,
volveranse a Deus, e os ceos
resplandecerán de gloria.

E entón, Señor, non temades
pola Igrexa, que ela é barca
que aboia nas tempestades.

Estas democracias novas
son feitas de amor e gastan
a piedade por arrobas.

Amádeas! Que oian e vexan
que Cristo está da súa parte
mentres loitan e pelexan!

Que quede a rabia prós lobos:
Cristo era bo, era humilde!
A humildade move os pobos!

(Mira para o PAPA, que chora)

CURROS
Que ten, Señor?

LEÓN XIII

Isto é feito!
Isto é feito, hei de cambiar
pola Xustiza o Dereito!

Ídevos xa e anunciade
que o Papa renuncia a Roma
pra vivir da caridade.

Dende hoxe a miña facenda,
todo o que teño é dos pobres;
que as nacións poñan en venda

canto for meu; disto en pago
non quero máis, se me dades
unha coviña en Santiago!

*(Marcha o PAPA, saen e respiran fondo. AÑÓN
serio, CURROS a sorrir satisfeito)*

(De novo no tren, os dous asomados á xanela)

CURROS

Volvemos ao chan paterno...,
e dime, Mestre, que pensas?

AÑÓN

Que é un bo viño o de Falermo.

CURROS

Foron promesas formais
do Papa...

AÑÓN

Nunca se cumpren
os programas liberais.

(Pano. CURROS, diante)

CURROS

Logo de chegar a España,
Añón tornouse ao comando
da súa Santa Compañía.

E eu, do que vin e é sabido,
desde entón creo... ou non creo...,
mais dubidar non dubido!

ÍNDICE ONOMÁSTICO

Marica Campo

Añón Paz, Francisco: (Boel – Serra de Outes, 1812 - Madrid, 1878). Un dos precursores do Rexurdimento. Tras estar no Seminario, licenciase en Xurisprudencia en 1843. A esta altura toma contacto co movemento provincialista e incíase na poesía e o xornalismo. En 1845 publica en *El idólatra de Galicia* a égloga “Recordos da infancia”, considerado o seu mellor poema. Tras a sublevación de Narváez, establécese en Lisboa onde escribe en portugués o “Hymno dos pobos” que motiva a súa expulsión de Portugal. Catro anos despois viaxa a Francia e Italia como secretario dun lord inglés. Máis tarde instálase en Sevilla onde ensina francés e italiano e segue o seu labor poético e xornalístico. En 1857 fixa a súa residencia en Madrid onde colabora con diversas publicacións. Participa nos primeiros Xogos Florais de Galicia (A Coruña, 1861) co poema “A Galicia”, única composición premiada en galego que será publicada no *Album de la Caridad*. Na súa obra, en que predominan os himnos, fai loas ao progreso e ten un marcado ton anticlerical, o que explica que Curros o elixise como guía da viaxe a Roma d’*O divino sainete*. Volve a Lisboa (1866 – 1868), pasa un tempo en Compostela e regresa a Madrid (1869) onde, ademais de seguir en contacto activo en asociacións relacionadas con Galicia, traballa no Ministerio de Graza e Xustiza. Césano no seu posto de oficial de arquivos en 1873 e o resto dos seus días pasarao pobre e enfermo, até finar no Hospital da Princesa.

Aristarco: Antonomasia para designar a calquera crítico severo, como o foi Aristarco de Samotracia (216 a. de C.? – 144 a. de C.), director da biblioteca de Alexandría e autor dunha edición crítica dos poemas homéricos.

Atila: (406 – 453). Rei dos hunos. Pasou á historia como paradigma da barbarie e a crueldade.

Carulla: José María Carulla (Igalada, 1839 – 1912), home traballador e pésimo poeta que versificou, enchéndoos de ripios e rimas forzadas, catro dos setenta e dous libros da Biblia.

Castelar: Emilio Castelar y Ripoll (Cádiz, 1832 – San Pedro del Pinatar –Murcia, 1899), político e escritor español, foi Presidente do Poder Executivo da Primeira República Española. Escribiu o prólogo de *Follas Novas* de Rosalía de Castro e defendeu sempre a brillantez da

poesía galega. Curros dedícalle a este autor a composición “Tangaraños”.

Catón: (234 a. de C. – 149 a. de C.). Marco Poncio Catón, alcumado o Vello ou o Censor, foi un estadista romano que gravou con grandes impostos o luxo e a opulencia.

Cesáreo Rodrigo: (1819 – 1895). Bispo que denunciou a Curros por algúns poemas de *Aires da miña terra*.

Cervantes: (1547 – 1616). Novelista, poeta e dramaturgo español universalmente coñecido por ser o autor de *El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha*.

Constantino: (272 – 337), Constantino I o Grande, emperador dos romanos, legaliza a Igrexa Católica polo Edicto de Milán no 313.

Curros: Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851 – La Habana, 1908) é un dos tres grandes escritores do Primeiro Renacemento da Literatura Galega, que se considera inaugurado coa maxistral obra de Rosalía de Castro *Cantares gallegos* (1863). Curros, como se ve, pertence á segunda xeración dos Restauradores e é herdeiro directo deste pulo fundacional da súa grande amiga e admirada Rosalía. Escribe, en Madrid, en 1869, o seu primeiro poema en galego (a celeberrima cantiga que comeza “Unha noite no xardín sentada...”, musicada por Chané -como outros poemas máis do autor- e popularizada como “Unha noite na eira do trigo...”), sendo *Aires da miña terra* (1880) o seu primeiro volume ou libro editado como tal, nun ano cualificado por Ricardo Carvalho Calero como o *annus mirabilis* da literatura galega renacente, ao coñecer, tamén, a publicación de *Follas novas* de Rosalía de Castro, *Saudades gallegas*, de Lamas Carvajal e *Majina, ou a filla espúrea*, de Marcial Valadares. Curros transita, no seu percurso ideolóxico-estético, desde o progresismo universalista e revolucionario, que, na altura, predica a necesidade do capitalismo para derrubar as estruturas do Antigo Réxime até un firme compromiso coa causa da redención galega e os rexionalistas como Murguía. Foi insubornábel, como escritor e xornalista, na denuncia das sevicias e explotacións dos poderes españois civís e eclesiásticos, o que lle valeu non poucas persecucións das súas institucións. En 1894, emigra a Cuba, continuando nesta illa o seu labor xornalístico, literario e pro-galego. Após unha visita á Galiza, en

1904, retorna a aquela, ao non atopar traballo na Terra nin en Madrid. Falece na Habana, no 1908. No 31 deste mes e ano, os seus restos mortais chegan á Coruña, onde son recibidos pola manifestación cívico-patriótica máis grande que rexistrou esta cidade en toda a súa historia. Curros foi o máis popular dos autores renacentistas, coñecemento a que axudou, como xa dixemos, a musicación de poemas seus, debida ao músico Chané. Vid. *A evolución ideolóxica de Curros Enríquez*, de Francisco Rodríguez (ed. A Nosa Terra, Vigo, 2ª ed., 1995) e *Obra Poética Galega*, edición de Elisardo López Varela, Deputación da Coruña, 1998).

Dante: (Florencia, 1265 – Rávena, 1321). É o autor do gran poema épico *A divina comedia* que Curros parodia n '*O divino sainete*.

Diocleciano: (245 – 316) Emperador romano que levou a cabo a máis dura persecución dos cristiáns.

Estadea: Procesión de almas en pena que, segundo as crenzas tradicionais galegas, percorre de noite os camiños. Santa Compañía ou Compañía.

Facciosos: Membros dunha facción. N' *O divino sainete*, carlistas.

Feixoo: Frai Benito Jerónimo Feixoo (Casdemiro - Ourense, 1676 – Oviedo, 1764) É figura fundamental da Ilustración, cunha obra inxente -científica, filosófica, teolóxica...- que combate constantemente toda a rémora de supersticións, falsas crenzas e antigallas dos saberes vulgares e mesmo académicos do seu tempo. Tamén se destacou pola súa defensa do galego como lingua derivada do latín e nai do portugués. Especialmente chamativo é o seu “Discurso en defensa de las mujeres”, incluído no *Teatro Crítico Universal* (1726). Feixoo é o grande erudito e pensador galego de que se apropian e orgullan todos os artifices do Rexurdimento do XIX: todos o citarán como antecedente e lexitimador do seu pensamento.

Galileo: (Pisa, 1564 – Florencia, 1642), astrónomo, filósofo, matemático e físico, estreitamente relacionado coa revolución científica. A súa teoría heliocéntrica esperta dúbidas á hora de interpretar os textos bíblicos (Terra centro do universo), polo que os partidarios da teoría xeocéntrica se converten nos seus inimigos máis encarnizados e o levan perante á Inquisición que o condena a cadea perpetua e lle prohíbe publicar.

- Labarta:** Henrique Labarta Posse (Baio-Zas, 1863 – Barcelona, 1925), fundador en 1888 de *Galicia humorística*, onde aparece o poema de Curros “Évos a léngua gallega” e en 1890 “La pequeña patria”. El dedícalle o poema “Desde Castilla” a Curros.
- Lago:** Manuel Lago González (Tui, 1865 ou 1866 – Santiago, 1925), chegará a ser arcebispo de Santiago en 1923. Afeccionado ás letras desde a súa mocidade, en 1888 xa tiña publicados varios poemas.
- León XIII:** Vincenzo Gioacchino Raffaele Luigi Pecci Prosperi Buzzi (Carpineto Romano, Estados Pontificios, actual Italia, 1810 – Roma, 1903). Elixido papa en 1878, é autor da encíclica *De rerum novarum* na que denuncia a opresión e virtual escravitude dos obreiros por parte dunha minoría adifeirada. Preconizaba salarios xustos, defendía o dereito á sindicación (preferibelmente en sindicatos católicos), rexeitaba o socialismo e non se mostraba partidario da democracia. No 1900 celébrase, con motivo das súas vodas de ouro sacerdotais, o Xubileo ou Ano Santo que motiva a viaxe d’ *O Divino Sainete*. Curros semella terlle certa simpatía a este papa, quizais polo seu carácter dialogante e apertura aos problemas do mundo moderno. Á súa morte, Curros dedícalle un artigo laudatorio en *La Prensa* de la Habana.
- Macías:** (Século XIV). De alcume “o Namorado”, Macías é un xograr da Escola galego-castellana. O cancionero de Baena recolle seis composicións da súa autoría. Namorado dunha dama casada, é asasinado polo marido que lle crava unha lanza no corazón. A súa vida, máis notable que a súa obra, inspirou a Lope de Vega o drama *Porfiar hasta morir* e a Larra a novela *El doncel de don Enrique el doliente*.
- Manuel Ánxel:** Pode tratarse de Manuel Ángel Corzo (Santiago, 1841 – 1871) do que se conservan inéditos na Academia Galega. Tamén se podería tratar doutro Manuel Ángel que lle fixo un retrato a Curros.
- María Pita:** María Mayor Fernández de Cámara y Pita (Sigrás, 1565 – 1663), heroína na defensa de A Coruña contra a armada inglesa dirixida polo corsario Francis Drake.

Mazzantini: Luís Mazzantini y Eguía (Elgóibar, 1856 – Madrid, 1926), toureiro que tomou a alternativa en 1884 e foi moi popular na súa época.

Mazzini: Giuseppe Mazzini (1805 – 1872), patriota, filósofo e político italiano, axudou na formación da Italia moderna e contribuíu a definir o movemento europeo a prol dunha democracia popular nun estado republicano.

Medulio: Monte situado no Noroeste peninsular, de situación incerta, nas proximidades do Miño ou Sil, onde os nativos, aló polo 26 a. de C., se suicidaron por non entregarse aos invasores romanos.

Mella: Manuel Mella Montenegro, xuíz en Ourense desde 1880, que condenou a Curros por *Aires da miña terra*.

Miguel Ánxelo: Michelangelo di Lodovico Buonarroti Simoni (Caprese, 1475 – Roma, 1574), escultor, arquitecto e pintor italiano, considerado un dos máis grandes artistas da historia. Curros alude á anécdota que conta que, rematado o Moisés, Miguel Ánxelo petou violentamente no xeonllo da estatua e preguntoulle: “Por que non me falas?”

Monteiro, Euxenio: Eugenio Montero Ríos (Santiago, 1832 – Madrid, 1914), catedrático, xurista e político que foi Ministro de Graza e Xustiza. Axudou a Añón, quen lle dedicou un poema en galego e un soneto en castelán.

Murguía: Manuel Antonio Martínez Murguía (A Pastoriza-Arteixo, 1883-A Coruña, 1923) é figura fundamental da contribución científica e ideolóxica do Rexurdimento ou Primeiro Renacemento da Literatura Galega do século XIX. Será o autor dunha magna Historia de Galiza, ao tempo que investigador constante sobre temas de etnografía, folklore, cultura popular, arte... galegos. Entusiasta do talento e da obra de Rosalía de Castro, con quen casou, en Madrid, o 10 de Outubro de 1858, animou arreo a edición das obras dela e foi, ao cabo, un dos seus mellores críticos (cfr. *Los Precursores*, A Coruña, Biblioteca Gallega, 1886). Amigo e defensor de Curros, este (18 anos máis novo) vaino considerar o seu mestre e guía.

Novo: Victorino e Xosé Novo García. Ambos coincidiron con Curros en Madrid e frecuentaron as tertulias rexionalistas e a sociedade Galicia Literaria. Curros relacionouse máis con Victorino. Con el levou a cabo o proxecto de lle dedicar unha “Coroa poética” a Vesteiro Torres en que participaron autores da época. Victorino escribiu sobre Francisco Añón en 1885.

Oxea: José Ogea (1842 – 11909), amigo e compadre de Curros, foi o prologuista de *Aires da miña terra*. Curros dedícalle a súa loa dramática *El padre Feijoo*.

Pardo Bazán, Emilia: (A Coruña, 1851-1921). Sendo, como se ve, estrita coetánea de Curros, vén ser a súa antítese ideolóxico-literaria. Comeza moi cedo a súa carreira literario-xornalística, chegando a ser unha das maiores novelistas da literatura española do seu tempo. Profundamente conservadora e ferreñamente española, vai atacar, como é lóxico nesta óptica, o rexionalismo galego e os intentos de construír unha literatura galega autónoma e emancipada do sistema español. Toda a súa análise e ollada sobre a Galiza cómpre enmarcalas neste punto de partida, ao igual que a súa obra de temática ou ambientación galega. Vid., neste sentido, a súa obra *De mi tierra* (1888), compilación de artigos e estudos sobre literatura galega. Na realidade histórica, é un dos pólos (o outro, representado-simbolizado por Rosalía de Castro) do grande debate do XIX galego en materia cultural-nacional: a Galiza como realidade singular e diferenciada e con dereito a unha cultura *idem versus* a Galiza integrada subordinadamente no espazo español, como patria única e soa titular de dereitos xurídico-políticos. É, como afirma a crítica Leda Schiavo, unha peza clave da andamiaxe ideolóxica da Restauración española. Cfr. “Cuentas ajustadas, medio cobradas”, serie de artigos de Murguía, publicados en *La Voz de Galicia* en 1908.

Pondal: Eduardo Pondal e Abente (A Ponteceso, 1835-A Coruña, 1917) é a terceira grande personalidade da literatura galega renacente. O seu alento lírico-épico fan del o bardo por antonomasia da mesma, papel recoñecido polos seus contemporáneos e acrecido ao ser, dos Restauradores, o máis lonxevo. Autor dunha enorme obra poética, a que puido dedicar toda a súa vida e que luíu e corrixiu constantemente, publica *Queixumes dos pinos* en 1886, deixando, á súa morte, unha grandísima produción inédita, que abranxe modalidades poé-

ticas diferentes, desde a poesía patriótica á erótica, histórica, mitolóxica e neotrobadoresca. Vid. a edición da súa obra completa, realizada por Manuel Ferreiro na ed. Sotelo Blanco (varios volumes).

Prisciliano: (340? – Tréveris, 385), nado posibelmente na Hispania occidental -Curros considérao galego-, é o primeiro herexe axustizado pola Igrexa. Funda o Priscilianismo, escola ascética, de carácter libertario, precursora do movemento monacal, inspirada na tradición gnóstica e oposta á crecente opulencia da xerarquía eclesiástica no século IV.

Rafael: Rafael Sanzio ou Santi, coñecido tamén como Rafael de Urbino (Urbino, 1483 – Roma, 1520), pintor e arquitecto italiano, sucede a Urbino na construción da basílica de San Pedro. No Vaticano consérvase gran parte da súa excepcional obra.

Rosalía: Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837- Padrón, 1885) é, como xa se dixo, a grande inauguradora da literatura galega contemporánea e, por aquí, da modernidade galega. *Cantares gallegos* (1863) é o primeiro monumento fundacional da mesma: libro de intención e proxección claramente apoloxético-patriótica, realiza unha contundente defensa do pobo galego como suxeito cultural, e da Galiza, a súa lingua e a súa literatura como obra autónoma. O “Conto gallego” (1864) e, nomeadamente, *Follas novas* (1880) consagran definitivamente o carácter da literatura galega como nacional, e do galego como lingua apta para todos os cometidos estético-temáticos. A súa enorme riqueza e profundidade humano-filosófica fan dela a escritora galega por antonomasia e, ao tempo, a grande escritora universal da literatura galega. É autora, asemade, dun conxunto de novelas e de textos xornalísticos en español, que constitúen un *corpus* imprescindible para a comprensión da súa cosmovisión e da súa ideoloxía transgresora e anti-burguesa. O seu feminismo revélase como medular ao longo de toda a súa produción. Tal carga de *pecados*, a que se une unha nada convencional e si heterodoxa ou dubitativa relixiosidade, non deixaron indemne a súa figura, que chega, despois de silencios, ostracismo e discriminación en vida e *post mortem*, a ser vítima dunha falsa canonización, facendo dela o contrario do que pensou, obrou e axú en vida. Ela abriu sucos e regos temático-métrico-estilísticos definitivos para toda a literatura galega posterior.

San Brais: Blas de Sebaste , médico e bispo de Sebaste, Armenia. Foi martirizado na derradeira persecución contra os cristiáns, a comezos do século IV. Seguramente Curros escolleu para a súa irreverente invocación, “San Brais, pederasta”, por tratarse dun nome monosílabo, o que convida á medida do verso.

San Pedro: Simón ou Simeón, (Betsaida, Galilea, ? – Roma, c. 64/67). Apóstolo e primeiro Papa da Igrexa Católica. Segundo a tradición transmitida por Tertuliano e Oríxenes, San Pedro foi crucificado en Roma, coa cabeza para abaixo segundo o seu propio desexo, baixo o imperio de Nerón.

San Rosendo: (907 – 977), bispo de Mondoñedo e abade de Celanova, cuxo mosteiro fundou. É o patrón da vila do autor.

San Tomé de Aquino: (Rocaseca – Nápoles, 1225 – Fossanova, 1274), máximo representante da tradición escolástica e pai da Escola tomista de filosofía, coñecido como o Doutor Anxélico ou Doutor Común, autor da *Summa Theologica*, tratado no que postula cinco vías para demostrar a existencia de Deus. A simpatía de Curros polo Santo débese, segundo Andrés Pociña, á oposición coa que este se tivo que enfrontar para renovar a teoloxía.

Santa Compañía: Estadea compañía, estantiga, rolda.

Shakespeare: William Shakespeare (1564 – 1616). Poeta, dramaturgo e actor inglés. O cualificativo de “poeta ogro”, segundo Elisardo, pode deberse ás características singulares dalgunhas personaxes das súas obras.

Umberte: Humberto I, rei de Italia entre os anos 1878 – 1900. Os católicos víano como un inimigo porque coidaban que o papa debía recuperar o poder temporal. Foi asasinado por un anarquista en 1900.

Vesteiro: Teodosio Vesteiro Torres (Vigo – Pontevedra, 1847 – Madrid, 1876). Escritor e músico, foi fundador en Madrid de “Galicia literaria”, asociación da que foi secretario até a súa disolución en 1876. Suicidouse nunha sala do Museo del Prado o día que cumpriu 29 anos, deixando unha carta de despedida para Curros. Na *Corona fúnebre a la memoria del malogrado poeta gallego Teodosio Vesteiro*

Torres, Curros dedícalle un extenso *Ensayo necrológico-biográfico* moi gabancioso.

Vicetto: Benito Vicetto Pérez (Ferrol, 1824 – 1878). Militar e historiador, a súa *Historia de Galicia*, malia ter ás veces pouco rigor e exceso de fantasía, marca o inicio do (re)nacemento da historiografía galega.

Xan da Cova ou Juan de la Cova y Gómez, poetastro ourensán finado en 1898, autor de inventos tan absurdos como o do “Trampitán”, unha lingua coñecida só por el, o que lle garantía que non o pliasen.

Xordano: Giordano Bruno (Nola – Nápoles, 1549 – Roma, 1600), dominico que, tras deixar o hábito, adheriuse ás teses calvinistas das que disentiu máis tarde. Perseguido polas súas ideas, das que nunca abxurou, foi torturado e condenado á fogueira pola Inquisición. Para os librepensadores era un mártir da liberdade fronte ao dogmatismo da Igrexa.

Xudas: Xudas Iscariote, apóstolo que traizoou a Xesús. Curros pode aludir na súa comparación co Papa non só á traizón, senón tamén ao feito que cita o Evanxeo (Xoán, 12.6), que Xudas era o tesoureiro e roubaba o diñeiro destinado aos pobres.

Zola: Émile Zola (París, 1840 – 1902), máximo representante do Naturalismo. Emilia Pardo Bazán adhírese a esta corrente en *La cuestión palpitante* e nas novelas *Los Pazos de Ulloa* e *La madre naturaleza*. Curros non simpatizaba con esta escola e mesmo lle dedicou un artigo, “Las mujeres del naturalismo”, que publicou no nº 41 de *La Tierra Gallega* da Habana.

Nota bene. En varias entradas deste Índice Onomástico, anotamos varias recomendacións bibliográficas do maior interese para o coñecemento de Curros e o seu tempo histórico. Comprobacións ecdóticas e históricas realizámolas téndomos á vista *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez: Estudio, edición e apéndices (completada con outros textos en español)*. López Varela, Elisardo. Ed. Deputación Provincial da Coruña. 1998, 2 Vol.

**RECURSOS PARA A POSTA
EN ESCENA DA OBRA**

Marica Campo

MONICREQUES: A combinación *ad libitum* de actores con monicreques, ademais de posibilitar un cadro actoral menos numeroso, pode contribuír a resaltar o carácter paródico da obra.

LADAÍÑAS (para o vagón dos facciosos carlistas)

Santa María, *ora pro nobis*

Santa María Micaela, *ora pro nobis*

San Zumalacárregui, *ora pro nobis*

Santos Cosme e Damián, *orate pro nobis*

San Mateu, *ora pro nobis*

San Cabrera, *ora pro nobis*

San Antonio de Padua, *ora pro nobis*

San Caralampio, *ora pro nobis*

Santos Xusto e Pastor, *orate pro nobis*

Xeneral Gómez, *ora pro nobis*

Santa Águeda, *ora pro nobis*

San Maroto, *ora pro nobis*

CONSIGNAS PARA A MANIFESTACIÓN

- . Igrexa e monarquía!
- . Salvagardemos o tesouro da fe!
- . Fóra o liberalismo!
- . Non á escola laica! Non á coeducación! Non ás ideas krausistas!
- . Defendamos as nosas santas crenzas!
- . Submisión absoluta á Igrexa!
- . Non máis ataques contra o dogma católico!

O HIMNO A GALICIA de Francisco Añón do que se ouve un fragmento en *off*.

Ai!, desperta, adorada Galicia
dese sono en que estás debruzada;
do teu rico porvir a alborada
polo ceo enxergándose vai.
Xa cantando os teus fillos te chaman,
e cos brazos en cruz se espreguizan...
Malpocados! o que eles cobizan
é un bico dos labios da nai.

Dese chan venturoso arrincado
pola man do meu negro destino,
ata mesmo soñando maxino
eses campos risoños cruzar.
E correr polas hortas e prados
onde leda pasou miña infancia,
respirando a suave fragancia
de xazmín, caravel, azahar.

Coido ver esas rías serenas,
escumando, con barcos veleiros,
e cantares oír feiticeiros,
que en ningures tan dóces oín.
Inda creo sentir as lavercas,
que peneiran nos aires cantando,
cando o sol vai as nubes pintando
de amarelo, de lume e carmín.

Ao través de aguzados penedos
penso ver empinados petoutos,
viñas, hortas, devesas e soutos,
que apouvirgan os ventos do Sul.
E saltando regueiros e valos,
cata xa outros bos horizontes,
outras veigas, mariñas e montes,
que se perden na brétema azul.

Soño aí que entre verdes pereiras
 foliadas alegres escoito,
 cando o ceo se viste de loito,
 nas poéticas noites do vran:
 E que en medio de nenas garridas
 canta un mozo con voz pracenteira,
 para o lado tumbada a monteira
 unha orella tapando coa man.

Eu soñei ver no cume do Pindo,
 adornados de mirto e loureiros,
 escritores, poetas, guerreiros,
 que sorrindo se daban a man.
 Eran eses os fillos máis caros
 que da patria aumentaron a gloria;
 os seus nomes nos fastos da historia
 con diamantes gravados serán.

E despois unha andrómena rara
 sen moverse con auga fervente,
 e asubiando como unha serpente,
 coma un lóstrego os campos cruzou.
 Era aquel o porvir que xa soa
 e das pobres aldeas fai vilas...
 Adeus, cantos e musas tranquilas!
 O imperio da industria empezou.

Acordei... o meu soño dourado,
 como o fume pasou de repente,
 e magoado o meu peito se sente
 de saudades e amor palpar.
 Murmurei: Adorada Galicia!...,
 –e dos ollos chovíanme as bágoas–,
 quen puidese beber túas bágoas,
 e os teus aires feliz respirar!...

De ti lonxe, querido curruncho,
 eu morréndome estou de amargura,
 como a froita que vai xa madura,

e entre silvas o vento guindou.
Teño envexa da libre andoriña,
que aí chega por todos os maios!...
Teño envexa das nubes e raios,
que o sudoeste a esas terras levou!

A ti voa entre ardentes salaios
sobre as trémulas alas do vento,
a saudade do meu pensamento,
que decote cravado está en ti.
Por diversos países que eu vaia,
ti serás miña doce memoria...
Mesmo entrar non quixera na gloria
sen primeiro pasar por alí!

GRAVACIÓNS MUSICAIS

“Tu es Petrus”

Motetes - Missa Gaudeamus

Missa Pro Victoria

“Ave María”. Farinelli il castrato (Banda sonora orixinal da película).

APÉNDICE

Ensaio para a representación *d' O Divino Sainete*

Achádego Teatro (Lugo)

REPARTO D' *O DIVINO SAINETE*

CURROS ENRÍQUEZ: Antón Sampaio

FRANCISCO AÑÓN: Suso Meilán

O PAPA LEÓN XIII: Roi Correa Calderón

EMILIA PARDO BAZÁN: Lourdes Abuide

HOME: Roi Correa Calderón

GARDAS: Laura Fernández e Ana Fernández

POUSADEIRA: Pepa Barrios

CLÉRIGO: Ana Fernández

FRADE I: Tareixa Campo


FRADE II: Pepa Barrios

FRADE III: Laura Fernández

GRUPOS DE PEREGRINOS, FRADES, ESTADEA, BEATAS: Lourdes Abuide, Pepa Barrios, Tareixa Campo, Roi Correa Calderón, Ana Fernández, Laura Fernández, Isa Herrero

MONICREQUES A MÁSCARAS: Marga Portomeñe

FOTOGRAFÍA: José Vázquez



Curros e Añón.



Dona Emilia Pardo Bazán.



Curros e Muller.



Dona Emilia Pardo Bazán.



Pardo Bazán e Muller.




Donas na estação.



Frade e beata.



Frades e monxa.



Antón Sampaio e Roi Correa Calderón caracterizándose.



Home.





Tren con destino a Roma.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN. “ <i>O Divino Sainete</i> , de onte a hoxe”, de Francisco Rodríguez	7
“Nota inicial”, de Marica Campo	23
<i>O DIVINO SAINETE</i> , de Marica Campo	27
Índice onomástico	95
Recursos para a posta en escena da obra	107
APÉNDICE: Ensaio para a representación d’ <i>O Divino Sainete</i> (Achádego Teatro)	113

CHEGADA DOS RESTOS
PRELO DE LUGAMI
MORTAIS DE CURROS À
SEN BETANZOS O 31 DE
MARZO DE 2008, DIA
CIDADE DA CORUÑA



LIBROS PUBLICADOS

1. Xaime Quintanilla: DONOSISA (Edición de Laura Tato)
2. Denis Diderot: O PARADOXO SOBRE O ACTOR (Edición bilingüe de X. C. Carrete Díaz e F. Succarut Boutet) –Esgotado–
3. Antón Villar Ponte: ENTRE DOUS ABISMOS e NOUTURNIO DE MEDO E MORTE (Edición de Emilio Xosé Ínsua López) –Esgotado–
4. Oscar Wilde: ERNEST (Edición bilingüe de Miguel Pérez Romero) –Esgotado–
5. Aristóteles: POÉTICA (Edición bilingüe de Fernando González Muñoz) –Esgotado–
6. Hildegarde de Bingen: O DESFILE DAS VIRTUDES (Edición bilingüe de Xosé C. Santos Paz)
7. Ramón Otero Pedrayo: O FIDALGO E O TEATRO (TRES TEXTOS DRAMÁTICOS) (Edición de Xosé Manuel Sánchez Rei)
8. TRES PEZAS CÓMICAS MEDIEVAIS (Edición bilingüe de Henrique Harguindey Banet)
9. Pedro P. Riobó Sanluís: O TEATRO GALEGO CONTEMPORÁNEO (1936-1996)
10. O TEATRO DE CHARLES BAUDELAIRE. PROXECTOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
11. Ricardo Carvalho Calero: ESCRITOS SOBRE TEATRO (Edición de Laura Tato)
12. António Ferreira: CASTRO (Edição de M^a Rosa Álvarez Sellers)
13. Rosvita de Gandersheim: OBRA DRAMÁTICA (Edición bilingüe de Xosé C. Santos Paz)
14. Llorenç Villalonga: DESBARATOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
15. José Oliveira Barata: O ESPAÇO LITERÁRIO DO TEATRO. ESTUDOS SOBRE LITERATURA DRAMÁTICA PORTUGUESA/I
16. Alexandre Ballester: NUN PREGUE DE VELUDO (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
17. Goretti Sanmartín Rei: O TEATRO DE XAN DA COVA. *LA GALICIANA E MARÍA PITA*
18. Josep Pere Peyró: DESERTOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
19. Afonso Álvares: AUTO DE SANTIAGO (Edição de Juan M. Carrasco González)
20. Ramón Cabanillas: A VIRXE DO CRISTAL (Edición de Manuel Ferreiro e Goretti Sanmartín Rei)
21. TEATRO BRASILEIRO: TEXTOS DE FUNDAÇÃO (Edição de Maria Aparecida Ribeiro)
22. Roberto Cordovani: TEATRO BRASILEIRO NA GALIZA (Edição de Eisenhower Moreno)
23. Joan Guasp: O VENDEADOR DE AMENDOÍNS (Ed. bilingüe de Xesús González Gómez)
24. François Riccoboni: A ARTE DO TEATRO (Edición bilingüe de Roberto Salgueiro)
25. M^a Isabel Morán Cabanas: FESTA, TEATRALIDADE E ESCRITA. ESBOÇOS TEATRAIS NO *CANCIONEIRO GERAL* DE GARCIA DE RESENDE
26. Ana Kiffer: ANTONIN ARTAUD. UMA POÉTICA DO PENSAMENTO
27. Paulino Pereiro: A MÚSICA TEATRAL
28. Francisco Gomes de Amorim: FÍGADOS DE TIGRE (Edição de Carne Fernández Pérez-Sanjulián)
29. Gil Vicente: FARSA DOS ALMOCREVES (Edición de Xoán Carlos Lagares)
30. Manuel María: EPIPO (Edición de Miguel A. Mato Fondo)
31. Eugène Labiche [e Marc-Michel]: UN CHAPEU DE PALLA ITALIANA (Edición bilingüe de Ana Luna Alonso)
32. Manuel Lourenzo: INSONMES
33. Cándido A. González: ¡MAL OLLO!... (Edición de Manuel Ferreiro e Laura Tato Fontañá)
34. Iolanda Ogando: TEATRO HISTÓRICO: CONSTRUCCIÓN DRAMÁTICA E CONSTRUCCIÓN NACIONAL
35. Euloxio R. Ruibal: MINIMALIA. 20 PEZAS DE TREATRO BREVE
36. Antoni Nadal: O TEATRO MALLORQUINO DO S. XX
37. Emilio Xosé Ínsua López: SOBRE *O MARISCAL*, DE CABANILLAS E VILLAR PONTE
38. Xesús Pisón: NOITE INVADIDA
39. Duarte Ivo Cruz: O TEATRO PORTUGUÉS: ESTRUTURA E TRANSVERSALIDADE
40. Afonso Becerra de Becerra: O RITMO NA DRAMATURXIA. TEORÍA E PRÁCTICA DA ANÁLISE RÍTMICA (A PARTIR DA PRIMEIRA DRAMATURXIA GALEGA EN VERSO)
41. DOCUMENTOS PARA A HISTORIA DO TEATRO GALEGO (1919-1924) (Edición de Silvana Castro García)
42. QUE (NON) É O TEATRO? [Manuel Lourenzo / José Oliveira Barata] / CATÁLOGO DE PUBLICACIÓNS (1997-2005)
43. Marica Campo: CONFUSIÓ DE MARÍA BALTEIRA (Edición de María Pilar García Negro)
44. Manuel Lugrís Freire: A COSTUREIRA D'ALDEA (Edición de Teresa López)
45. Hélène Cixous: A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI (Edición bilingüe de Purificación Cabido Pérez)
46. Uxío Carré Aldao: MEMORIA CRÍTICO-BIBLIOGRÁFICA SOBRE EL TEATRO REGIONAL GALLEGO (Edición de Xoán López Viñas)
47. Manjula Padmanabhan: LUCES FÓRA! (Edición bilingüe de Antía Mato Bouzas)
48. Teresa Rita Lopes: COISAS DE MULHERES! (TEATRO REUNIDO)
49. D. Francisco Manuel de Melo: O FIDALGO APRENDIZ (Edición de Evelina Verdelho)
50. Aristóteles: POÉTICA (Segunda Edición bilingüe revisada de Fernando González Muñoz)
51. Carlo Gozzi: TURANDOT. Volume I (Edición crítica italiana e tradución galega de Javier Gutiérrez Carou)
52. Carlo Gozzi: TURANDOT. Volume II (Edición crítica italiana e tradución galega de Javier Gutiérrez Carou)
53. Luís de Camões: AUTO CHAMADO DOS ENFATRIÓES (Edição de Leticia Eirín García)
54. Marica Campo: O DIVINO SAINETE (Adaptación teatral da obra homónima de Curros Enríquez)